



CONCELLO DE
OLEIROS

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO LUGAR O DIA VINTE E SEIS (26) DE DECEMBRO DE 2024

No salón de sesións, sito no andar primeiro de Casa Charry, ás 10:02 h. do día 26 de decembro de 2024, ten lugar sesión extraordinaria do Concello Pleno, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o alcalde, D. **Ángel García Seoane**, asistindo os membros da Corporación seguintes:

GRUPO MUNICIPAL “ALTERNATIVA DOS VECIÑOS” (A.V.)

- D^a M^a José Varela Neira.
- D^a Margarita Figueroa Vázquez.
- D. Pablo Cibeira Taboada.
- D^a Aurora Belén Taboada Casal.
- D^a M^a Teresa Vázquez Maseda.
- D^a M^a José Santos Zas.
- D. Antonio Molinos Marcote.
- D^a Rosa M^a Méndez Gómez.
- D. Jaime Rumbo Mosquera.
- D^a Sandra Fernández Fernández
- D^a Marta M^a Martínez Martínez.
- D. Ramón Maceira Giadanes.

GRUPO MUNICIPAL “POPULAR” (P.P.)

- D^a M^a Dolores Silva Núñez.
- D^a Vanesa Dominguez de la Iglesia.
- D. Jorge Platas Casal.
- D. Jaime Cástor Núñez Cartelle.
- D. Pablo Sánchez-Bálgoma Casas.

GRUPO MUNICIPAL “SOCIALISTA” (PSdeG-PSOE)

- D^a M^a Carmen Acuña do Campo.
- D. Jesús Fernández Díez.

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)

- D. Iván Roca Cruz.

Logo de comprobar que concorre o quórum de asistencia que esixe o art. 46.2.c) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para que teña lugar validamente a sesión, o alcalde a declara aberta.

De seguido, procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día contida na convocatoria realizada a través do Decreto da Alcaldía nº 2024006623, de 20 de decembro, que son os seguintes:

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión plenaria de 28 de novembro de 2024.

Praza de Galicia, 1. 15173 Oleiros (A Coruña). Tlf . 981 61 00 00. Fax 981 63 10 29. www.oleiros.org





CONCELLO DE
OLEIROS

- 2º.-** Expediente de modificación da Ordenanza Fiscal nº 1, reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos. Resolución das alegacións presentadas e aprobación definitiva, se procede, da mesma.
- 3º.-** Expediente de modificación da Ordenanza Fiscal nº 2, reguladora da taxa por licencias de autoturismos e demais vehículos de aluguer. Resolución das alegacións presentadas e aprobación definitiva, se procede, da mesma.
- 4º.-** Expediente de modificación da Ordenanza Fiscal nº 3, reguladora da taxa por licenzas urbanísticas, declaracións responsables e comunicacións previas. Resolución das alegacións presentadas e aprobación definitiva, se procede, da mesma.
- 5º.-** Expediente de modificación da Ordenanza Fiscal nº 6, reguladora da taxa de cemiterio municipal. Resolución das alegacións presentadas e aprobación definitiva, se procede, da mesma.
- 6º.-** Expediente de modificación da Ordenanza Fiscal nº 10, reguladora do imposto sobre bens inmoables. Resolución das alegacións presentadas e aprobación definitiva, se procede, da mesma.
- 7º.-** Expediente de modificación da Ordenanza Fiscal nº 11, reguladora do imposto sobre construcións, instalación e obras. Resolución das alegacións presentadas e aprobación definitiva, se procede, da mesma.
- 8º.-** Expediente de modificación da Ordenanza Fiscal nº 12, reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica. Resolución das alegacións presentadas e aprobación definitiva, se procede, da mesma.
- 9º.-** Expediente de modificación da Ordenanza Fiscal nº 15, reguladora da prestación patrimonial de carácter non tributario pola prestación do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e outras actividades conexas a este. Resolución das alegacións presentadas e aprobación definitiva, se procede, da mesma.
- 10º.-** Expediente de modificación da Ordenanza Fiscal nº 27, reguladora da taxa pola prestación de servizos urbanísticos. Resolución das alegacións presentadas e aprobación definitiva, se procede, da mesma.
- 11º.-** Expediente de modificación da Ordenanza Fiscal nº 31, reguladora da taxa por estacionamento de vehículos de tracción mecánica nas vías públicas municipais e de regulación e control do estacionamento. Resolución das alegacións presentadas e aprobación definitiva, se procede, da mesma.
- 12º.-** Expediente de modificación do Regulamento de Subministración domiciliar de auga potable do Concello de Oleiros. Resolución das alegacións presentadas e aprobación definitiva, se procede, do mesmo.
- 13º.-** Expediente de aprobación da modificación puntual da Relación de Postos de Traballo do concello de Oleiros. Resolución das alegacións presentadas e aprobación definitiva, se procede, da mesma.
- 14º.-** Adopción de acordo en orde á participación do Concello de Oleiros no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ Adicional 1/2025 da Deputación Provincial da Coruña.
- 15º.-** Dar conta dos decretos da alcaldía e dos e das concelleiras delegadas, desde o nº 2024006101 ata o 2024006617.

Punto 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión plenaria de 28 de novembro de 2024

Consonte ó art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o alcalde pregunta se algún dos asistentes á sesión ten que formular algunha observación ou reparo ás actas que se achegaron para aprobar coa convocatoria desta sesión.





CONCELLO DE
OLEIROS

Pola voceira do grupo “Socialista”, D^a M^a **Carmen Acuña**, déixase constancia de que nesta ocasión vanse abster dado que nesta acta téñense recollido mellor as intervencións.

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación amosándose o resultado da unanimidade dos asistentes a esta sesión, é dicir, por **dezanove (19) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; cinco (05) do grupo municipal “Popular” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **dúas (02) abstencións** (dúas (02) do grupo municipal “Socialista”) o Concello Pleno aproba a acta da *sesión plenaria que tivo lugar o día 28 de novembro de 2024*.

Punto 2.- Expediente de modificación da Ordenanza Fiscal nº 1, reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos. Resolución das alegacións presentadas e aprobación definitiva, se procede, da mesma

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a M^a **José Varela**, explicando que antes de entrar de cheo no asunto quere facer mención a un escrito que se presentou a través do rexistro solicitando un informe da secretaria municipal baseado na desconfianza ou, o que entenden, como falla de rigor dos informes emitidos polos servizos económicos do concello, nuns asuntos nos que precisamente os informes preceptivos son os informes económicos e non o da secretaria municipal, polo que non se emitiu o devandito informe xurídico.

Primeiro porque se presentou ás 20 horas de onte, a través da sede electrónica municipal, polo que non tivo tempo de emitir o informe solicitado, aínda que quere deixar claro que o emitiría sen ningún tipo de problemas, aínda que insiste en que os informes preceptivos que atinxen ós asuntos a tratar son os dos responsables do área económica e que constan nos expedientes. No caso de non estar de acordo, quédalles logo a vía contenciosa ou a que entendan á que deben recurrir.

Dito isto, procede a entrar de cheo na resolución das alegacións presentadas ás diferentes ordenanzas municipais e inicia pola presentada por D. Jesús Fernández, en nome de D^a M^a Carmen Acuña, en calidade de voceira do grupo municipal “Socialista”, aínda que o escrito de alegacións non ven asinado pola voceira, como encabeza o escrito, e sí por D. Jesús Fernández, ó ser membro este do grupo municipal “Socialista” vaise contestar co ánimo de facilitar a participación política e cidadá nos asuntos públicos.

As alegacións baséanse na falla de motivación, xustificación e ausencia do requisito imprescindible da memoria económico-financeira, reiterando a subida do 2% nas diferentes propostas cando obviamente a estrutura de custes non é similar, abundan na falla de razoamento económico desagregando custes e os diferentes conceptos que entran como variables a considera e desvirtúan o propio informe.

A respecto destas apreciacións, cómpre dicir que o art. 25 do RDL 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais sinala que os acordos de establecemento de taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público ou para financiar total ou parcialmente os novos servizos, deberán adoptarse á vista dos informes técnico-económicos nos que se poña de manifesto o valor de mercado ou





CONCELLO DE
OLEIROS

a previsible cobertura do custo daqueles, respectivamente; o devandito informe incorporarase ó expediente para a adopción do correspondente acordo.

Por outra banda, o art. 20 da Lei 8/1989, de Taxas e Prezos Públicos, regula a memoria económico-financeira como elemento indispensable tanto para o establecemento coma para a modificación da contía das taxas xa existentes, polo que á vista do contido destes artigos conclúese que efectivamente a modificación das tarifas das citadas ordenanzas fiscais non poden ser aprobada automaticamente sen a existencia dunha memoria económica; non obstante, seguindo a xurisprudencia do Tribunal Supremo, non é necesario que cada exercicio conta cunha nova e completa memoria ou estudio económico-financeiro dos valores de mercado e dos custos do servizo, valendo os iniciais ós que deberá aplicárselles os coeficientes anuais de actualización, mantendo así o principio de equivalencia das taxas, segundo a sentenza do nomeado Tribunal de 1 de xullo de 2003.

Neste senso, tanto a Lei 2/2015, de Desindexación da Economía Española (LDEE) coma o RD 55/2017, que a desenvolve, establecen un réxime de revisión de valores monetarios en cuxa determinación intervéñen o sector público vinculando dita revisión ós custos reais da actividade e non a outros índices ou factores externos á mesma; establece polo tanto, unha prohibición de indexación dos valores monetarios a índices de prezos xerais.

Desde a aprobación desta Lei de Desindexación da Economía Española, os valores monetarios nos que interveña o sector público, como son as taxas e prezos públicos pola prestación de servizos públicos locais, non poderán ser sometidos a un réxime de revisión periódica e predeterminada polo tanto, a forma de revisión das taxas debe executarse a través da revisión periódica non predeterminada ou revisión non periódica e que poderá ter lugar cando se produza unha variación de custos.

A revisión das tarefas das ordenanza fiscais aprobadas inicialmente por este pleno municipal na pasada sesión de 24 de outubro ten o carácter de periódica e non predeterminada e que ten lugar no intre en que se produce unha variación de custos de realización das distintas actividades ou servizos que se prestan, neste caso o custo de persoal que é o principal e maioritario compoñente dos mesmos. Esta variación dos custos de persoal quedou suficientemente xustificada no informe emitido pola TAE de Inspección Tributaria, engadido en cada un dos expedientes de modificación das respectivas ordenanzas fiscais, co contido establecido no art. 12.2 do Real Decreto de Desindexación da Economía Española.

O traslado do incremento dos custos de man de obra, neste caso como xa dixo corresponden ó persoal municipal, ós importes das tarias das ordenanzas fiscais, cuxa modificación se somete a aprobación cumpre logo co establecido na Lei de Desindexación da Economía Española, en tanto que o incremento aprobado non resulta superior ó incremento experimentado pola retribución do persoal ó servizo do sector público, conforme ás leis de Orzamentos Xerais do Estado. Polo tanto, conclúese que os informes emitidos pola TAE de Inspección Tributaria, de 10 de outubro de 2024, cumpren con todos os requisitos para ter a consideración de memoria económico-financeira xustificativa das modificacións das ordenanzas fiscais nsº 1, 2, 3, 6 e 27, tal e como sinala a normativa.





CONCELLO DE
OLEIROS

En canto ó alegado de ausencia do informe técnico-económico preceptivo para aprobar a modificación das ordenanzas fiscais números 10, 11 e 12, tal e como establece o art. 25 do Texto Refundido das Lei de Facendas Locais, este informe é necesario cando se trate da aprobación dunha taxa, non dun imposto, como é o caso.

A modificación do art. 2º da ordenanza fiscal nº 10, reguladora do IBI, na que se incrementa o tipo de gravame nun 10%, pasan do do 0,605% ó 0,6655%, cumpre co establecido polo art. 72 do RDL 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que establece un tipo de gravame máximo para os bens inmobles urbanos do 1,10 por cen.; constando no informe da TAE Inspección Tributaria sinalado de 10 de outubro de 2024 a necesidade desta revisión.

A modificación do art. 3º.2 da ordenanza fiscal nº 11, reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, consistentes no incremento do tipo de gravame fixándoo no 3,5%, está dentro dos límites establecidos polo art. 10 do RDL 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que establece un tipo de gravame do imposto do 4% e ó igual que o anterior, consta no informe da TAE Inspección Tributaria sinalado de 10 de outubro de 2024 a necesidade desta revisión e en canto á revisión de prezos do Anexo xustifícase no informe emitido pola Coordinadora de Servizos Urbanísticos de data, 3 de outubro de 2024.

En canto á modificación do art. 1º da ordenanza fiscal nº 12, reguladora do IVTM, consistente no incremento do coeficiente a aplicar sobre o cadro de tarifas do art. 95.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, pasando do 1,3348 a 1,5350 para todos os tipos de vehículos, agás para os turismos de 20 CVF en diante vai ser de 1,8705 a 2,00 para os turismos de 20 CVF en diante, atópanse dentro dos límites establecidos polo art. 95.4 do RDL 2/2004, polo que se aproba o TRLFL, que establece un coeficiente máximo de 2; consta tamén a necesidade de revisión no informe da TAE de Inspección Tributaria de 10 de outubro e 2024.

No que atinxe á alegación consistente na ausencia de desglose da estrutura de ingresos e custes na modificación da ordenanza fiscal nº 31, procede remitirse ó informe emitido polo Xefe de Servizo de Interior de 11 de outubro de 2024, onde se detallan cada un deles, cumprindo co establecido no art. 214.2 do TRLRFL que sinala “que o importe das taxas pola prestación dun servizo ou pola realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto, do custo real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate, no seu defecto, do valor da prestación recibida”. Esta limitación que establece a lei pretende regular que non se pode racadar anualmente un importe superior ó custo total anual dos servizos, o que queda acreditado no citado informe.

Nas alegacións contra a aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal nº 15, reguladora da prestación patrimonial de carácter non tributario pola prestación do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e outras actividades conexas a este, remítese a TAE do Inspección Tributaria ó informe do Xerente da entidade AQUAOLEIROS, no que se propón unha modificación das tarifas reguladas no art. 5.1 da ordenanza fiscal, realizándose un estudo dos custes da prestación do servizo e unha previsión dos ingresos de aplicar a tarifa proposta. Non aparece desagregada tampouco a estrutura de ingresos nin de custes, preocupante segundo os alegantes a mala xestión do servizo de auga, a isto hai que salientar que no apartado de subministración protección contra incendios figura como tramo único, calquera consumo 0,60 €, o que conleva a que grandes consumos poidan





CONCELLO DE
OLEIROS

exixir pagar esa cantidade, polo que falla unha relación do custe por unidade de volume rexistrada; solicitando que se xustifiquen axeitadamente os cambios aprobados inicialmente ou ben retiralos para non perxudicar á veciñanza cunhas subidas inxustas e antixurídicas.

Sobre a alegación consistente na ausencia de desagregación da estrutura de ingresos e de custos do servizo, sinalar que o informe económico do servizo aludade a un desequilibrio actual do servizo de 539.000 €; estes importes de ingresos e custos obtéñense do orzamento de 2025 no que figuran detalladamente as estimacións.

A isto dicir que a lei non pretende que en cada caso concreto o contribuínte pague exactamente o custo do servizo senón que a limitación que sinala é que se estableza unha taxa pola prestación dun determinado servizo, non pode recadar anualmente un importe superior ó custo total anual dese servizo e para xustificar todo isto, os acordo de establecemento de taxas pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público ou para financiar total ou parcialmente os novos servizos, deberán adoptarse á vista de informes técnico-económicos nos que se poña de manifesto o valor de mercado ou a previsible cobertura do custo daqueles, respectivamente. O sinalado informe incorporárase ó expediente para a adopción do correspondente acordo.

Polo tanto, conclúese que o informe económico do servizo de abastecemento de auga potable para o exercicio 2025 emitido polo Xerente de AQUAOLEIROS o 10 de outubro de 2024 cumpre con todos os requisitos establecidos na lei procedendo logo neste punto desestimar a alegación presentada.

No que atinxe á mala xestión da rede de abastecemento de Oleiros polos excesivos volumes de auga non controlados, sinalar que se trata de críticas ó funcionamento do servizo da auga, á xestión de perdas, ós consumos non rexistrados, polo que a responsabilidade por estes temas deben ser obxecto de debate noutras instancias e non nunhas alegacións presentadas á aprobación da modificación da ordenanza fiscal, como adoitan facer de xeito habitual os grupos políticos da oposición.

En relación á creación dunha tarifa de subministración de protección contra incendios, cun tramo único de 0,60 €/m³, sinalar que ista se aplica ás tomas destinadas exclusivamente ó servizo de extinción de incendios, polo que non procede a súa aplicación a outro tipo de consumos domésticos ou non domésticos, tal e como sinala o informe emitido polo Xerente de AQUAOLEIROS que obra no expediente.

En canto ás alegacións presentadas por D. Jaime Núñez, en representación do grupo “Popular”, sobre a aprobación inicial da modificación das ordenanzas fiscais 1, 2, 3, 6, 10, 11, 12, 15, 27 e 31, dicir que en relación ás números 1, 2, 3, 6, 27 e 31 e nas que basa practicamente as mesmas en canto a ausencia de informes técnico-económicos, a contestación é a mesma que a que remata de explicar nas presentadas polo grupo municipal “Socialista”, polo que non vai repetir a mesma argumentación desestimatoria.

No respecto á alegación presentada en canto á aprobación da modificación das orddenanzas nº 10, 11 e 12, sinala en síntese que se trata dunha subida de tarifas desproporcionada e arbitraria, volve reiterar o mesmo en canto a que esta argumentación desestimatoria é a mesma que a que remata de explicar sobre as presentadas polo grupo “Socialista”, abundando nesta alegación que a comparativa que se presentou por municipios dos tipos impositivos





CONCELLO DE
OLEIROS

que se están a aplicar tiña un carácter meramente informativo e non foi utilizada como unha xustificación para a subida proposta.

Tamén foi contestada cos mesmos argumentos desestimatorios que a presentada polo grupo municipal “Socialista” as alegacións referentes á aprobación inicial da modificación da ordenanza nº 15, reguladora da prestación patrimonial de carácter non tributario pola prestación do servizo de abastecemento de auga potable.

Por todo o exposto procede desestimar as alegacións presentadas por D. Jesús Fernández, en nome de D^a M^a Carmen Acuña, na representación do grupo municipal “Socialista” e as presentadas por D. Jaime Núñez, en representación do grupo municipal “Popular”, aprobando definitivamente os artigos modificados polo pleno municipal de 24 de outubro de 2024, en canto ás ordenanzas fiscais nsº 1, 2, 3, 6, 10, 11, 12, 15, 27 e 31, publicando o seu texto íntegro no BOP e que entrarán en vigor no intre mesmo da súa publicación.

Esta exposición foi conxunta para todas as modificacións das ordenanzas fiscais propostas aínda que logo a súa votación se realizará de xeito individual.

Intervén o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jaime Núñez**, sinalando que queren deixar claro que coa aprobación da modificación das ordenanzas propostas se está a incumprir a lexislación actual e en canto ó argumentado como desestimación sinalan que están cumprindo perfectamente co art. 25 do RDL 2/2004, pero non é certo, porque queda claro lendo ese artigo que a presentación do informe técnico-económico ten que existir sempre e onde se ten que poñer de manifesto o valor de mercado ou a posible previsión de cobertura do custo e como sinalou a voceira do goberno municipal, non solicitaron que informase a secretaria en canto á contestación das alegacións realizada pola TAE de Inspección Tributaria senón en que se basa esa contestación e polo que remata de dicir denegan tal informe da secretaria e tampouco atenderon que prevendo que non emitise o devandito informe a secretaria se pospuxera a votación dos asuntos da modificación das ordenanzas fiscais e que afectarán á emisión do informe xurídico solicitado.

A día de hoxe non viron nin un só informe técnico-económico e pola súa parte insiste en que pediron a emisión do informe xurídico e a fundamentación que segundo vostedes serve de base para a desestimación das alegacións presentadas é por unha sentenza do Tribunal Supremo do ano 2003 cando a lexislación que afecta a estes asuntos é dos anos 2004, 2012 e 2015. A argumentación que sostén as súas alegación fundaméntanse nas sentenzas do mesmo Tribunal Supremo de 2016 e 2017 onde sinalan que a emisión dese informe técnico-económico é necesario para avalar esas modificacións propostas.

En definitiva, cren que o goberno municipal non está a permitir que a secretaria municipal realice o seu traballo de control, o mesmo que sufren os grupos políticos municipais que se ven impedidos en moitas ocasións de poder realizar ese traballo de fiscalización do labor do goberno municipal e insistindo no anterior, parece que ó goberno municipal dalle todo igual, estanse a saltar a lexislación á toreira e mofándose da veciñanza de Oleiros. Todo o que se fai e se di é baixo a orde dun señor feudal que decide subir os impostos de xeito arbitrario para pagar os 14 millóns de euros do seu novo e maxestuoso pazo que empezou orzamentado en seis millóns e para facer fronte a esa subida, soben a carga impositiva da veciñanza modificando ata 10 ordenanza fiscais.





CONCELLO DE
OLEIROS

O outro día a compañeira do PSOE sinalou que isto eran un atraco a man armada á veciñanza e ó alcalde sentoulle moi mal, pero a verdade é que ten toda a pinta; para o seu grupo as subidas non están xustificadas por non estar acompañadas do informe técnico-económico que as avale polo que non se poden realizar, pareceríalles unha vergoña que se aproben porque ademais é un engano á veciñanza e é máis, cando esta subida vaise dedicar principalmente para cubrir o capricho da construción dese edificio multiusos, que rematará por baleirar as arcas municipais e que implicará que se sigan poñendo de manifesto os problemas que afectan diariamente á veciñanza, como a falla de alumado público en moitas zonas, as deficiencias na rede de sumidoiros, a falla de rede de sumidoiros noutros moitos lugares do termo municipal, reventóns na rede de subministración de auga, falla de beirarrúas, etc., etc. e seguirán botando balóns fóra, asegurando que a culpa é doutros, da Xunta de Galicia, do Estado, etc. e remata insistindo en que a aprobación destas subidas impositivas son inxustificables.

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, dicindo que lamenta que o goberno municipal de “Alternativa dos Veciños” non tivera en conta as alegacións presentadas polo seu grupo en contra da subida de todas as taxas e impostos para o ano 2025, nin tampouco ó escrito presentado onte.

As súas alegacións, así como o nomeado escrito, só trataban de impedir o que chamaron desde un primeiro intre un atraco a man alzada e só coa pretensión de que se cumprise coa lei que indica de xeito claro que esta subida ten que ir xustificada coa emisión dun informe técnico-económico que a sustente, que explique, defina e ademais, concrete a contía da subida, que é o que se vai subir e cal é a súa razón, porque así se fai noutras administracións, como por exemplo a presentada na Deputación provincial, por se queren revisala.

En canto ó escrito presentado, solicítase que se revisase a argumentación que serviu de base para desestimar as alegacións porque estaban a basearse nunha lei do ano 2003, cando existen sentenzas posteriores que deberían ser tidas en conta, pero o goberno municipal segue negando á maior, en canto a que non é preciso a emisión dese informe técnico-económico e a pregunta que se fan é ¿Por que non?; ¿Cal é a razón para que non se xustifique sobradamente faga falla ou non, unha subida nunha taxa pública?; ¿Porque non se xustifica esa subida? Ou, tal vez é que non se pode xustificar.

Aseguran de xeito xeneralizado que soben as taxas un 2% por mor da subida dos custos de persoal, que soben tamén nesas mesma porcentaxe, pero é que soben esas taxas a moi diferentes servizos, distintos e variados como a expedición de documentos, licenzas urbanísticas, pero tamén á do cemiterio, tamén ó estacionamento de vehículos, pero é que non todos eses asuntos precisan do mesmo persoal para xestionalos, aínda que insiste en que modifican de xeito xenérico esa subida do 2%, ademais como estamos ante a era informática a maioría dos asuntos administrativos resólvense a través dela, pero a pregunta máis importante que se pode facer deste incremento é o ¿Por que?; ¿Que motiva esta subida? A necesidade de mellorar os servizos prestados, resulta que non, o que se trata é de recadar fondos pensan que para custear a construción do edificio multiusos que a día de hoxe non sabe para que vai servir.

¿Por que pensan isto? Porque van gastar uns 8 millóns de euros nesa actuación e resulta que o alcalde dí que iran con cargo á venda de terreos municipais, aínda que parece que con esa venda de terreos só van recadar uns 2





CONCELLO DE
OLEIROS

millóns, quedando logo 6 millóns que resulta que son os que se van recadar coa subida de taxas e impostos proposta, que casualidade! E todo isto fano correndo, será para que non se note moito, e todas estas propostas misturado coa aprobación do orzamento municipal para este ano que ven pero coa presentación das alegacións non lles saiu ben a manobra, agora non teñen máis remedido que convocarlles a esta pleno extraordinaria no Nadal para que non se note moito porque a cidadanía anda a outras cuestións, sen espazo para o debate, sen contestarlles ó escrito presentado, todo con excesiva presa.

Pero por moito que queren correr, non van poder tapar que os e as oleirenses que cando remate este ano van ser un pouco máis pobres por mor desta subida de taxas e impostos que van empezar a cobrarlles xa desde o 1 de xaneiro, por certo, non todos terán que se preocupar do mesmo xeito, os máis ricos, os grandes promotores e ata os donos da autoestrada non o van sufrir porque non se lles vai aplicar esa subida, e tampouco as sufrirá o concello que vai subir o prezo da auga, pero seguirán perdendo o 32% desa auga, máis de 400.000 €.

Intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando que o seu grupo conta con innumerables desencontros coas políticas do Partido Popular pero, neste caso, pensan o mesmo. Desgrazadamente, non coinciden coa postura do BNG respecto a votar a favor dunha subidas de taxas e impostos lesivas para a veciñanza, coincidindo no respecto escrupuloso á lei e de acordo coas sentenzas do Tribunal Supremo que xa foron citadas nesta sesión, o que se vai aprobar hoxe aquí é unha falcatuada porque non se realiza unha desagregación de custos, falando de custes directos e indirectos, de custos necesarios para o mantemento dos servizos ou para un desenvolvemento razoable dos mesmos, tírase para adiante baseándose nuns informes que din o que din.

Pero o certo é que o seu grupo presentou unhas alegacións coa fin de matizar algúns aspectos; o primeiro e vai ser moi claro, minten, cando alegan que moitos desas taxas e impostos levan conxelados moitos anos, porque no ano 2023 xa subiron as taxas e tampouco din a verdade cando alegan que se suben os impostos para mellorar a prestación de servizos públicos, porque non é así e aí fai súas as verbas da súa compañeira, en canto a que a execución do multiusos neste ano vai supoñer uns 8,2 millóns de euros; a venda de terreos públicos que alega o alcalde que serve para custear esta actuación, volve mentir, porque se teñen previsto recadar un pouco menos de 2 millóns, polo que entre uns e outros refléxase un déficit duns 6,2 millóns de euros e que sairá precisamente desa subida de taxas e impostos que pretenden aprobar, como é difícil xustificar isto, mellor non facer números para non poñer en evidencia os caprichos dunha especie de señor feudal, como dixo o concelleiro do PP, e que trata á veciñanza como vasallos e que teñen que ter a ben satisfacer eses caprichos, apretándolles economicamente facéndoos máis pobres.

Particularmente grave na subida de impostos é a subida do IBI, onde se bonifica cun 95% a autoestrada, non sabe moi ben o que ten que dicir o compañeiro do BNG a isto ó apoiar isto, que supón deixar de ingresar nada menos que 70.000 €, mentres que lle sube un 10% o IBI á veciñanza bonifican cun 90% ás promotoras urbanísticas; conta doada, bonificación ás promotoras urbanísticas cun 90%, aumento á veciñanza un 10%, tremendo. E que dicir do





CONCELLO DE
OLEIROS

ICIO, que sube nada menos que un 17% e resulta cando menos paradóxico que unha Técnica de Inspección Tributaria faga unha comparativa entre diferentes concellos cando é máis que nada unha xustificación política. Pero poñéndose a facer comparativas ¿Por que non se fai no IVTM? Porque Culleredo, Bergondo, Coruña, Abegondo, Betanzos ou Carral onde gobernan vostedes, os vehículos de máis de 25 anos non pagan o imposto e en Oleiros sí e tamén poderíase facer outra comparativa con outros concellos da comarca para ver cantos dispoñen de vehículo oficial e chófer a cargo da alcaldía e seguramente se houbese ese aforro habería que subirlle menos a rodaxe á veciñanza.

Para remtar, paradigmática e paradóxica é a xestión da auga e probablemente o goberno municipal substituíu ó xerente de AQUAOLEIROS porque o anterior cansábase de dicirlles que había que mellorar a rede, que había que sectorizala e que non chegaba con instalar contadores para que a rede deixara de ter consumos non controlados dun 32%, cando o máximo legal é dun 20%, polo que en calquer momento están expostos a que Augas de Galicia impoña unha multa de entorno a 300.000 € pero non pasa nada, agora xa teñen un xerente que sinala que está ben subir o custo do servizo para que non sexa deficitario pero o que obvia dicir é que o custo da auga nun consumo de arredor 1.250.000 €/ano que compramos a EMALCSA, pero si resulta que se está perdendo o 32% dese consumo estanse a tirar logo uns 400.000 € dos e das oleirenses todos os anos.

Intervén o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, salientando que o seu poscionamento en canto ás diferentes propostas de modificación das ordenanzas fiscais e impostos xa o expuxo no pleno de aprobación inicial de 24 de outubro pasado, no IBI non que se abstivo, polo que non se vai reiterar nela e hoxe se está a falar nesta sesión de falla de informe técnico e de memoria xustificativa e estando de acordo nalgúnhas tamén empatizan con que deben acompañarse da maior documentación posible para dar información ós grupos políticos da oposición e mesmo á cidadanía para que estas subidas sexan o máis consensuadas posible e non metelas nunha sesión plenaria onde se vai tratar tamén o documento de máis importancia no ano, como é o orzamento municipal ou tamén outro tema de calado como é a modificación da RPT.

Cre que estas modificacións das ordenanzas e mailos impostos debería facerse con máis calma, estudando ben os asuntos, dando unha maior información pública tentando achegar á cidadanía o por qué se modifican estas taxas e impostos, coas que o seu grupo estivo de acordo coa maioría, polo que solicita para vindeiros anos que se faga así porque nunca están de máis nin informes, nin memorias xustificativas.

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, dicindo que en canto ó dito polo representante do grup “Popular” de que as propostas eran contrarias á lei, xa na súa exposición a voceira do goberno municipal expuxo e deu información de numeros textos legais que amparan esta aprobación da modificación das ordenanzas e impostos.

Sobre o dito da secretaria municipal, neste concello non se lle prohíbe nin a secretaria nin a ningún técnico ou técnica que cumpran co seu cometido de control e tanto a secretaria como a intervención fan o seu labor e non poderían achegarse a este pleno a aprobación dos expedientes se non contaran cos seus informes favorables.





CONCELLO DE
OLEIROS

Respecto ós atracadores, que lles vai dicir, non lle vai dedicar moito pero polo menos teñan un pouco de tino cando se refiren á xente como atracadores e en canto a que se achegan os asuntos a un pleno extraordinario con moita urxencia e presa, pero si este plneo convocouse así pola acción dos grupos políticos “Popular” e “Socialista” que presentaron alegacións a sabendas de que non poderían impedir que se aprobasen estes asuntos pola maioría que obستا o goberno municipal e esa é a realidade así como tamén que convocaron esta sesión plenaria no prazo establecido pola lei para tratar os asuntos e que poidan ter efectos xa desde o día 1 de xaneiro do ano que ven.

Por outra banda, seguen co mesmo de sempre, que si o auditorio, que si suben impostos para pagalo, pero non saben os membros dos grupos da oposición que grazas á xestión do goberno municipal existe unha economía en resultas nas arcas municipais de máis de 15 millóns de euros, que nada teñen que ver coas taxas e impostos e eses 15 millóns servirán non só para a execución do auditorio senón tamén para multitude de actuacións que se teñen previsto levar a cabo e que fai falla executalas.

Tamén seguen co tema da vivenda e minten cando falan de políticas de vivenda cando saben perfectamente que ningún goberno do PP ou do PSOE levan anos e anos sen facer política nese eido desde que se instaurou a democracia e por riba minten tamén cando alegan que se lle bonifica cun 90% do imposto ós promotores, cando o que bonifican é a aqueles que constrúan vivenda de protección, como as que está a levar a cabo este goberno municipal e coa fin de abaratar o prezo para os e as interesadas porque, sumado ó prezo do solo que foi máis económico que o do mercado como cando fomentaron as cooperativas, agora se lle vai sumar tamén esa bonificación do 90% para que sexa máis barata a súa construción e, insiste, para beneficio daqueles que estean interesados e as adquiran.

Intervén a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, afondando nos asuntos en canto a que se citou en varias ocasións nesta sesión e na anterior da aprobación inicial, que o goberno municipal bonifica ás empresas construtoras co 90% do IBI en obras de urbanización e é así, bonifícase con esa porcentaxe pero dentro do límite que a lei do Estado o permite e que obriga ás promotoras e que vai desde o 50 ó 90%.

Dito isto, o Concello de Oleiros bonifica cun 90% ás promotoras porque quere incentivar a construción de vivenda no termo municipal...

Neste intre prodúcese debate, aclarando o alcalde, Sr. **García**, que esa bonificación do 90% non é para construción de vivenda senón para obras de urbanización e non para promotores de vivenda.

Segue no uso da palabra a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, engadindo que é unha bonificación durante tres anos, polo que deixen de seguir co mesmo mantra porque non é certo. Ademais, tamén alegaron como unha tomadura de pelo a presentación destas propostas e o que é realmente unha tomadura de pelo é a presentación do escrito onte ás 20.15 h. coa simulación de varias sinaturas de concelleiros e concelleiras da corporación, con só dúas sinaturas legais.

Prodúcese debate entre os membros da corporación sobre a validez ou non de varias sinaturas que acompañaban a petición de informe por parte da secretaria municipal, rematándoo a voceira do goberno municipal, Sra. **Varela**,





CONCELLO DE OLEIROS

senalando que a secretaria non ten porque informar estes expedientes e como mínimo, o que debería é darlle o tempo suficiente para facelo, non poden presentar un escrito o día de Nadal pola tarde para un pleno que vai ter lugar ás 10 h. do día seguinte.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de 'asuntos de competencia plenaria' que tivo lugar o pasado 20 de decembro de 2024, acadándose o resultado de **catorce (14) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de "Alternativa dos Veciños" e un (01) do grupo municipal "Mixto"-BNG) e **sete (07) votos en contra** (cinco (05) do grupo municipal "Popular" e dous (02) do grupo municipal "Socialista").

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

"Tendo en conta o artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais é á vista do informe emitido polo TAE Inspección Tributaria de data 16 de decembro do 2024 en relación ás alegacións presentadas por D. Jesús Fernández Díez, en nome de Dona M. Carmen Acuña Docampo, en calidade de Portavoz do Grupo Municipal Socialista de Oleiros, a medio de escrito rexistro de entrada número 2024025458, de data 30 de novembro do 2024 e as presentadas por D. Jaime Castor Núñez Cartelle, con DNI 32838652B, en representación do Partido Popular de Oleiros, a medio de escrito rexistro de entrada número 2024026478 de data 13 de decembro do 2024, contra a aprobación inicial da modificación das Ordenanzas fiscais 1, 2, 3, 6, 10, 11, 12, 15, 27 e 31, aprobadas polo Pleno do Concello en data 24 de outubro do 2024, proponse ao Concello Pleno, adopción de acordo de:

Primeiro.- Desestimación das alegacións presentadas por D. Jesús Fernández Díez, en nome de Dona M. Carmen Acuña Docampo, en calidade de Portavoz do Grupo Municipal Socialista de Oleiros, a medio de escrito rexistro de entrada número 2024025458, de data 30 de novembro do 2024 contra a aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal nº 1, reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, por canto na tramitación da mesma se aplicou a lexislación en vigor (artigo 25 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigo 20 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación de la economía española e RD 55/2017, de 3 de febreiro).

Segundo.- Desestimación das alegacións presentadas por D. Jaime Castor Núñez Cartelle, con DNI 32838652B, en representación do Partido Popular de Oleiros, a medio de escrito rexistro de entrada número 2024026478 de data 13 de decembro do 2024 contra a aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal nº 1, reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, por canto na tramitación da mesma se aplicou a lexislación en vigor (artigo 25 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigo 20 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación de la economía española e RD 55/2017, de 3 de febreiro).

Terceiro.- Aprobar definitivamente a modificación da Ordenanza Fiscal nº 1, reguladora da Taxa por expedición de documentos administrativos, incrementándose as tarifas reguladas no artigo 7º nun 2%.

Tras esta modificación o texto do artigo 7º da Ordenanza Fiscal nº 1, reguladora da Taxa por expedición de documentos administrativos, queda redactado do xeito seguinte:

"Artigo 7º: TARIFA

Epígrafe primeiro.- DERROGADO.

Epígrafe segundo:

- Informes emitidos pola Policía Local relativos a accidentes de tráfico: 140,49 €
- Outros informes emitidos pola Policía Local: 40,97 €
- Informes emitidos polo Servizo de Emerxencias e Protección Civil relativos a accidentes de tráfico: 100,69 €



CONCELLO DE
OLEIROS

- Informes emitidos polo Servizo de Emerxencias e Protección Civil diferentes aos relativos a accidentes de tráfico: 52,68 €

Epígrafe terceiro: DERROGADO.

Epígrafe cuarto: Documentos relativos aos Servizos de Urbanismo:

- 1.- Por cada expediente de declaración de ruína de edificios: 48,85 €
- 2.-DERROGADO
- 3.- Informe urbanístico: 47,20 €

Epígrafe quinto: Procedementos de contratación e concesións demaniais:

- 1.- En cada proposición para tomar parte en poxas, concursos ou procedementos negociados:
 - Ata 6.010,12 €, tipo base de licitación: 9,78 €
 - De 6.010,13 € a 60.101,21 €: 48,85 €
 - De 60.101,22 € en diante: 97,77 €
2. Pola formalización de contratos e concesións demaniais en documento administrativo: 9,81 €

Epígrafe sexto: Derogado.

Epígrafe sétimo: Dereitos de exame.

- 1.- Subgrupos A1 e A2 e grupo B ou similares en contratos laborais: 24,46 €
- 2.- Subgrupo C1 ou similar en contratos laborais: 19,55 €
- 3.- Demais postos: 14,66 €

Epígrafe oitavo: Fotocopias de expedientes completos ou de documentos illados que formen parte de aqueles, sempre que o número de fotocopias solicitadas exceda de 20 en tamaño DIN-A4 e de 6, en tamaño DIN-A3:

- Fotocopias en tamaño DIN-A4 e DIN-A3: 0'08 €/copia (todas as copias)

Epígrafe noveno: Reproducións de planos en tamaño DIN-A1: 2,76 €/copia

Epígrafe decimo: DERROGADO

Epígrafe undécimo: Reposición de placa de vado: 11,66 €

Epígrafe duodécimo: Expedición de certificacións catastrais polo Punto de Información Catastral, relativas a fincas non pertencentes ao Concello de Oleiros:

- Certificación literal: 8,07 €
- Certificación descritiva e gráfica: 8,69 €

Epígrafe décimo terceiro: Compulsa de documentos a presentar a través do Portelo único da Xunta de Galicia.

- Por cada compulsa, a partires da terceira e ata a duodécima compulsa: 1,87 €/compulsa.
- Pola décimo terceira compulsa e seguintes: 0,61 €/compulsa."

Cuarto.- Publicar o acordo aprobatorio definitivo xunto co texto íntegro do artigo modificado da Ordenanza no Boletín Oficial de la Provincia.

Quinto.- Contra a aprobación definitiva poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo durante o prazo de dous meses, contados a partir da publicación do anuncio no BOP."

Punto 3.- Expediente de modificación da Ordenanza Fiscal nº 2, reguladora da taxa por licencias de autoturismos e demais vehículos de aluguer. Resolución das alegacións presentadas e aprobación definitiva, se procede, da mesma





CONCELLO DE
OLEIROS

Debatido o asunto conxuntamente co resto das ordenanzas e impostos a modificar, pásase directamente á votación do asunto.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de 'asuntos de competencia plenaria' que tivo lugar o pasado 20 de decembro de 2024, acadándose o resultado de **catorce (14) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de "Alternativa dos Veciños" e un (01) do grupo municipal "Mixto"-BNG) e **sete (07) votos en contra** (cinco (05) do grupo municipal "Popular" e dous (02) do grupo municipal "Socialista").

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

"Tendo en conta o artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais é á vista do informe emitido polo TAE Inspección Tributaria de data 16 de decembro do 2024 en relación ás alegacións presentadas por D. Jesús Fernández Díez, en nome de Dona M. Carmen Acuña Docampo, en calidade de Portavoz do Grupo Municipal Socialista de Oleiros e as presentadas por D. Jaime Castor Núñez Cartelle, con DNI 32838652B, en representación do Partido Popular de Oleiros, a medio de escrito rexistro de entrada número 2024026478 de data 13 de decembro do 2024, a medio de escrito rexistro de entrada número 2024025458, de data 30 de novembro do 2024, contra a aprobación inicial da modificación das Ordenanzas fiscais 1, 2, 3, 6, 10, 11, 12, 15, 27 e 31, aprobadas polo Pleno do Concello en data 24 de outubro do 2024, propónse ao Concello Pleno, adopción de acordo de:

Primeiro.- Desestimación das alegacións presentadas por D. Jesús Fernández Díez, en nome de Dona M. Carmen Acuña Docampo, en calidade de Portavoz do Grupo Municipal Socialista de Oleiros, a medio de escrito rexistro de entrada número 2024025458, de data 30 de novembro do 2024, contra a aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal nº 2, reguladora da taxa por licencias de autoturismos e demais vehículos de aluguer, por canto na tramitación da mesma se aplicou a lexislación en vigor (artigo 25 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigo 20 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación de la economía española e RD 55/2017, de 3 de febreiro).

Segundo.- Desestimación das alegacións presentadas por D. Jaime Castor Núñez Cartelle, con DNI 32838652B, en representación do Partido Popular de Oleiros, a medio de escrito rexistro de entrada número 2024026478 de data 13 de decembro do 2024, contra a aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal nº 2, reguladora da taxa por licencias de autoturismos e demais vehículos de aluguer, por canto na tramitación da mesma se aplicou a lexislación en vigor (artigo 25 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigo 20 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación de la economía española e RD 55/2017, de 3 de febreiro).

Terceiro.- Aprobar definitivamente a modificación da Ordenanza Fiscal nº 2, reguladora da Taxa por licencias de autoturismos e demais vehículos de aluguer, incrementándose as tarifas reguladas no artigo 5º nun 2%.

Tras esta modificación o texto do artigo 5º da Ordenanza Fiscal nº 2, reguladora da Taxa por licencias de autoturismos e demais vehículos de aluguer queda redactado do xeito seguinte:

"Artigo 5º: COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza do servizo ou da actividade, de acordo coa seguinte tarifa:

Epígrafe primeira: Concesión e expedición de licenzas

- Licenzas da Clase B: 180,94 €

Epígrafe segunda: Autorización para transmisión de licenzas

- a) Transmisión "ínter vivos":



CONCELLO DE
OLEIROS

- -De licenzas da Clase B: 904,74 €
b) Transmisión “mortis causa”:
- -A primeira transmisión da licenza en favor dos herdeiros forzosos: 90,48 €

Epígrafe terceira: Substitución de vehículos

- De licenzas Clase B: 18,09 €

Epígrafe cuarta: Revisión de vehículos

- Revisión anual ordinaria: 45,23 €
- Revisión anual extraordinaria: 45,23 €

Epígrafe quinta: Permiso para condución por asalariado e expedición de carné.

- Polo trámite e concesión do permiso: 13,58 €
- Pola expedición do carné a un condutor asalariado: 27,15 €.”

Cuarto.- Publicar o acordo aprobatorio definitivo xunto co texto íntegro do artigo modificado da Ordenanza no Boletín Oficial de la Provincia.

Quinto.- Contra a aprobación definitiva poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo durante o prazo de dous meses, contados a partir da publicación do anuncio no BOP.”

Punto 4.- Expediente de modificación da Ordenanza Fiscal nº 3, reguladora da taxa por licenzas urbanísticas, declaracións responsables e comunicacións previas. Resolución das alegacións presentadas e aprobación definitiva, se procede, da mesma

Debatido o asunto conxuntamente co resto das ordenanzas e impostos a modificar, pásase directamente á votación do asunto.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 20 de decembro de 2024, acadándose o resultado de **catorce (14) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **sete (07) votos en contra** (cinco (05) do grupo municipal “Popular” e dous (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Tendo en conta o artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais é á vista do informe emitido polo TAE Inspección Tributaria de data 16 de decembro do 2024 en relación ás alegacións presentadas por D. Jesús Fernández Díez, en nome de Dona M. Carmen Acuña Docampo, en calidade de Portavoz do Grupo Municipal Socialista de Oleiros, a medio de escrito rexistro de entrada número 2024025458, de data 30 de novembro do 2024 e as presentadas por D. Jaime Castor Núñez Cartelle, con DNI 32838652B, en representación do Partido Popular de Oleiros, a medio de escrito rexistro de entrada número 2024026478 de data 13 de decembro do 2024, contra a aprobación inicial da modificación das Ordenanzas fiscais 1, 2, 3, 6, 10, 11, 12, 15, 27 e 31, aprobadas polo Pleno do Concello en data 24 de outubro do 2024, propónse ao Concello Pleno, adopción de acordo de:

Primeiro.- Desestimación das alegacións presentadas por D. Jesús Fernández Díez, en nome de Dona M. Carmen Acuña Docampo, en calidade de Portavoz do Grupo Municipal Socialista de Oleiros, a medio de escrito rexistro de entrada número 2024025458, de data 30 de novembro do 2024, contra a aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal nº 3, reguladora da taxa por licenzas urbanísticas, declaracións responsables e comunicacións previas, por canto na tramitación da mesma se aplicou a lexislación en vigor (artigo 25 do Real Decreto Legislativo





2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigo 20 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación de la economía española e RD 55/2017, de 3 de febreiro).

Segundo.- Desestimación das alegacións presentadas por D. Jaime Castor Núñez Cartelle, con DNI 32838652B, en representación do Partido Popular de Oleiros, a medio de escrito rexistro de entrada número 2024026478 de data 13 de decembro do 2024, contra a aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal nº 3, reguladora da taxa por licenzas urbanísticas, declaracións responsables e comunicacións previas, por canto na tramitación da mesma se aplicou a lexislación en vigor (artigo 25 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigo 20 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación de la economía española e RD 55/2017, de 3 de febreiro).

Terceiro.- Aprobar definitivamente a modificación da Ordenanza Fiscal nº 3, reguladora da Taxa por licenzas urbanísticas, declaracións responsables e comunicacións previas, incrementándose as tarifas reguladas no artigo 6º nun 2%.

Tras esta modificación o texto do artigo 6º da Ordenanza Fiscal nº 3, reguladora da Taxa por licenzas urbanísticas, declaracións responsables e comunicacións previas, queda redactado do xeito seguinte:

“Artigo 6º: COTA TRIBUTARIA

1.- De conformidade coas limitacións sinaladas polo artigo 24 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (RD lexislativo 2/2004 de 5 de marzo), establécense as tarifas da taxa seguintes:

- a) Demolición de construcións e movementos de terras: 89,04 €
- b) Parcelacións e segregacións; por cada unidade parcelada: 65,93 €
- c) Cimbra de árbores: 85,72 €
- d) Obras menores non necesitadas de proxecto técnico e que en ningún caso teñan un orzamento de execución material superior a 30.000 €:
 - d.1. con orzamento de ex. material de ata 3005´06 €: 44,50 €
 - d.2.- con orzamento de ex. material comprendido entre 3005´07 e 6010´12 €: 89,04 €
 - d.3- con orzamento de ex. material comprendido entre 6010´13 e 12.020´24 €: 133,55 €
 - d.4.-con orzamento de ex. material comprendido entre 12.020´25 e 30.000 €: 222,58 €
- e) Obras de construción, rehabilitación, ampliación, modificación ou reforma de edificios e instalacións que estean cualificadas de obras maiores, ou en todo caso cando o seu orzamento de execución supere os 30.000 €:
 - e.1.-por cada edificación unifamiliar: 267,10 €
 - e.2.-por cada edificación plurifamiliar: 1´34 €/m², obxecto da taxa
 - e.3.-por cada nave ou instalación industrial ou comercial ou outra edificación diferente ás contidas nos subapartados anteriores (e.1.e e.2.): 0´66 €/m², obxecto da taxa.
- f) Declaración responsable para a ocupación de edificacións e instalacións, por cada vivenda ou local:
 - f.1.-de edificacións unifamiliares e plurifamiliares:
 - f.1.1.-de superficie de ata 100 m²: 106,85 €
 - f.1.2.-de sup. comprendida entre 101 e 150 m²: 133,55 €
 - f.1.3.-de sup. comprendida entre 151 e 250 m²: 178,07 €
 - f.1.4.-de superficie igual ou superior a 251 m²: 267,10 €
 - f.2.- de naves e instalacións industriais e comerciais ou doutras edificacións ou instalacións diferentes ás contempladas no apartado anterior (f.1.):
 - -f.2.1. Os 200 primeiros m²: 267,10 €
 - Por cada m² adicional: 0´46 €/m².”





CONCELLO DE
OLEIROS

Cuarto.- Publicar o acordo aprobatorio definitivo xunto co texto íntegro do artigo modificado da Ordenanza no Boletín Oficial de la Provincia.

Quinto.- Contra a aprobación definitiva poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo durante o prazo de dous meses, contados a partir da publicación do anuncio no BOP.”

Punto 5.- Expediente de modificación da Ordenanza Fiscal nº 6, reguladora da taxa de cemiterio municipal.

Resolución das alegacións presentadas e aprobación definitiva, se procede, da mesma

Debatido o asunto conxuntamente co resto das ordenanzas e impostos a modificar, pásase directamente á votación do asunto.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 20 de decembro de 2024, acadándose o resultado de **catorce (14) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **sete (07) votos en contra** (cinco (05) do grupo municipal “Popular” e dous (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Tendo en conta o artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais é á vista do informe emitido polo TAE Inspección Tributaria de data 16 de decembro do 2024 en relación ás alegacións presentadas por D. Jesús Fernández Díez, en nome de Dona M. Carmen Acuña Docampo, en calidade de Portavoz do Grupo Municipal Socialista de Oleiros, a medio de escrito rexistro de entrada número 2024025458, de data 30 de novembro do 2024 e as presentadas por D. Jaime Castor Núñez Cartelle, con DNI 32838652B, en representación do Partido Popular de Oleiros, a medio de escrito rexistro de entrada número 2024026478 de data 13 de decembro do 2024, contra a aprobación inicial da modificación das Ordenanzas fiscais 1, 2, 3, 6, 10, 11, 12, 15, 27 e 31, aprobadas polo Pleno do Concello en data 24 de outubro do 2024, proponse ao Concello Pleno, adopción de acordo de:

Primeiro.- Desestimación das alegacións presentadas por D. Jesús Fernández Díez, en nome de Dona M. Carmen Acuña Docampo, en calidade de Portavoz do Grupo Municipal Socialista de Oleiros, a medio de escrito rexistro de entrada número 2024025458, de data 30 de novembro do 2024, contra a aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal nº 6, reguladora da Taxa de cemiterio municipal, por canto na tramitación da mesma se aplicou a lexislación en vigor (artigo 25 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigo 20 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación de la economía española e RD 55/2017, de 3 de febreiro).

Segundo.- Desestimación das alegacións presentadas por D. Jaime Castor Núñez Cartelle, con DNI 32838652B, en representación do Partido Popular de Oleiros, a medio de escrito rexistro de entrada número 2024026478 de data 13 de decembro do 2024 contra a aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal nº 6, reguladora da Taxa de cemiterio municipal, por canto na tramitación da mesma se aplicou a lexislación en vigor (artigo 25 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigo 20 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación de la economía española e RD 55/2017, de 3 de febreiro).

Terceiro.- Aprobar definitivamente a modificación da Ordenanza Fiscal nº 6, reguladora da Taxa por expedición de documentos administrativos, incrementándose as tarifas reguladas no artigo 6º nun 2%.

Tras esta modificación o texto do artigo 6º da Ordenanza Fiscal nº 6, reguladora da Taxa de cemiterio municipal, queda redactado do xeito seguinte:

“Artigo 6º: COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria determinarase pola aplicación da seguinte tarifa:



CONCELLO DE
OLEIROS

1.-A base impositiva determinarase atendendo á diferente natureza dos servizos, de acordo coa cantidade sinalada nas tarifas desta ordenanza respecto dos conceptos que a continuación se detallan:

1.1. A utilización de todas as clases de sepulturas existentes no dito cemiterio, para a inhumación e exhumación.

1.2. DERROGADO

1.3. DERROGADO

1.4. Licenzas para a instalación e a reparación nas distintas sepulturas.

1.5. Conservación das sepulturas existentes no devandito cemiterio.

2.-TARIFA XERAL - O dereito que se adquire mediante o pagamento da tarifa correspondente, non é estritamente o da propiedade física do terreo, senón o da conservación a perpetuidade dos restos nestes (polo tempo en que preste servizo o dito cemiterio) sempre e cando os titulares desta clase de sepulturas satisfagan os dereitos fixados e cumpran coas normas que para o dito efecto se establezan.

2.1. DERROGADO

2.2. Cambios de titularidade, cando proceda.

Dun nicho, por herdanza, pagará o 10 % do prezo establecido como valor destes.

Os cambios de titularidade nas distintas sepulturas, pagarán pola inscrición ou inscricións polos diferentes cambios de titularidade, un 10% do valor dos nichos no ano da transmisión, establecidos cada ano polo concello

2.3. Por cada permiso de apertura de nichos para inhumación e exhumación: 50,43 €

2.4. DERROGADO

2.5. DERROGADO

2.6. Licenzas para instalacións ou reparacións:

a) Instalacións:

Por cada permiso para colocar lápidas ou outras instalacións fixas en nichos: 28,00 €

b) Reparacións:

Por cada licenza de nicho: 15,70 €

2.7. Conservación:

Co fin de asegurar a máis decorosa e digna conservación dos espazos destinados a enterramentos, esixíranse os seguintes dereitos ao ano:

Por vixilancia de nichos: 16,47 €

3.-Cando as sepulturas de calquera clase e en xeral todo os lugares destinados a enterramentos fosen desatendidos polos seus respectivos familiares, titulares ou parentes, dando lugar a que aparezan en estado de ruína ou abandono co conseguinte perigo ou mal aspecto, o Concello poderá proceder á demolición no primeiro caso e á retirada de cantos atributos ou obxectos se encontren deteriorados ou abandonados, e no segundo, sen que en ningún caso poida esixirse ningunha indemnización.

4.-Poderá, ademais, declarar a caducidade e reverter ao Concello a enteira dispoñibilidade dunha sepultura nos seguintes casos:

a) Polo estado ruinoso da construción: A declaración de tal estado e a caducidade requirirá un expediente administrativo a iniciativa da Alcaldía.

b) Polo abandono da sepultura, considerándose como tal o transcurso de 5 anos desde a última inhumación verificada nesta, sen que o titular, familiares ou parentes aboarán os dereitos correspondentes a esta epígrafe.

5.-O expediente administrativo de caducidade nos supostos a) e b) do número anterior conterá a citación do titular o cal teña domicilio coñecido, ou de non selo, a súa publicidade mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no correspondente ao último domicilio coñecido, sinalando un prazo de trinta días para que o titular e os seus familiares ou parentes comparezan e asinen o compromiso de satisfacer os dereitos percibidos ou de levar a cabo a reparación procedente.



CONCELLO DE
OLEIROS

A comparecencia suspenderá o expediente; transcorrido o prazo concedido para efectuar as obras sen que o cumprimento de devandito compromiso efectuarase, declararase a caducidade pola Comisión de Goberno.

6.-Declarada a caducidade de calquera clase de sepultura, o Concello poderá dispoñer desta, unha vez que trasladase os restos existentes nela á correspondente oseira.”

Cuarto.- Publicar o acordo aprobatorio definitivo xunto co texto íntegro do artigo modificado da Ordenanza no Boletín Oficial de la Provincia.

Quinto.- Contra a aprobación definitiva poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo durante o prazo de dous meses, contados a partir da publicación do anuncio no BOP.”

Punto 6.- Expediente de modificación da Ordenanza Fiscal nº 10, reguladora do imposto sobre bens inmoables. Resolución das alegacións presentadas e aprobación definitiva, se procede, da mesma

Debatido o asunto conxuntamente co resto das ordenanzas e impostos a modificar, pásase directamente á votación do asunto.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 20 de decembro de 2024, acadándose o resultado de **trece (13) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”); **unha (01) abstención** (unha (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **sete (07) votos en contra** (cinco (05) do grupo municipal “Popular” e dous (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Tendo en conta o artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais é á vista do informe emitido polo TAE Inspección Tributaria de data 16 de decembro do 2024 en relación ás alegacións presentadas por D. Jesús Fernández Díez, en nome de Dona M. Carmen Acuña Docampo, en calidade de Portavoz do Grupo Municipal Socialista de Oleiros, a medio de escrito rexistro de entrada número 2024025458, de data 30 de novembro do 2024 e as presentadas por D. Jaime Castor Núñez Cartelle, con DNI 32838652B, en representación do Partido Popular de Oleiros, a medio de escrito rexistro de entrada número 2024026478 de data 13 de decembro do 2024, contra a aprobación inicial da modificación das Ordenanzas fiscais 1, 2, 3, 6, 10, 11, 12, 15, 27 e 31, aprobadas polo Pleno do Concello en data 24 de outubro do 2024, propónse ao Concello Pleno, adopción de acordo de:

Primeiro.- Desestimación das alegacións presentadas por D. Jesús Fernández Díez, en nome de Dona M. Carmen Acuña Docampo, en calidade de Portavoz do Grupo Municipal Socialista de Oleiros, a medio de escrito rexistro de entrada número 2024025458, de data 30 de novembro do 2024, contra a aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal nº 10, reguladora do Imposto sobre bens inmoables, por canto que na tramitación da modificación do artigo 2º.1 da Ordenanza non se precisa memoria económico-financeira, axustándose a modificación ao establecido polo artigo 72.1 do TRLRFL e constando no expediente de proposta de aprobación inicial a motivación da mesma.

Segundo.- Desestimación das alegacións presentadas por D. Jaime Castor Núñez Cartelle, con DNI 32838652B, en representación do Partido Popular de Oleiros, a medio de escrito rexistro de entrada número 2024026478 de data 13 de decembro do 2024, contra a aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal nº 10, reguladora do Imposto sobre bens inmoables, por canto que a modificación do artigo 2º.1 da Ordenanza axústase ao establecido polo artigo 72.1 do TRLRFL e constando no expediente de proposta de aprobación inicial a motivación da mesma. A comparativa por municipios dos tipos impositivos que estanse a aplicar ten un carácter meramente informativo e non foi utilizada coma una xustificación para o incremento proposto.

Terceiro.- Aprobación definitiva da modificación do artigo 4º da Ordenanza Fiscal nº 10, reguladora do Imposto sobre bens inmoables. (A modificación deste artigo non foi obxecto de alegacións).





CONCELLO DE OLEIROS

Tras esta modificación o texto do artigo 4º da Ordenanza Fiscal nº 10, reguladora do Imposto sobre bens inmobles, queda redactado do xeito seguinte:

“Artigo 4º

1.- A bonificación establecida no artigo 73.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, será do 90 por 100, na cota íntegra do imposto aos inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta, e que non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá desde o período impositivo seguinte a aquel en que comecen as obras ata o posterior ao remate destas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos. A solicitude da bonificación débese formular antes do comezo das obras, entendendo por tal o momento do outorgamento da licenza, por parte da Administración municipal.

Para beneficiarse da citada bonificación, os interesados deberán presentar a documentación seguinte:

A acreditación de que a empresa se dedica á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, mediante a presentación dos estatutos da sociedade.

A acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación non forma parte do inmovilizado, mediante certificación do administrador da Sociedade, ou fotocopia do derradeiro balance presentado ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria, para os efectos do imposto sobre sociedades.

A copia da solicitude de licenza de obra, se non se presenta simultaneamente.

2.- Terán dereito a unha bonificación entre o 10% e o 50% da cota íntegra do imposto, aqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa, de acordo cos seguintes tramos:

-Bonificación do 10%, para aqueles suxeitos pasivos titulares de familia numerosa, en cuxo título de familia numerosa ou título oficial establecido ao efecto consten ata 3 fillos.

-Bonificación do 20%, para aqueles suxeitos pasivos titulares de familia numerosa, en cuxo título de familia numerosa ou título oficial establecido ao efecto consten catro ou cinco fillos.

-Bonificación do 30%, para aqueles suxeitos pasivos titulares de familia numerosa, en cuxo título de familia numerosa ou título oficial establecido ao efecto consten seis ou sete fillos.

-Bonificación do 40%, para aqueles suxeitos pasivos titulares de familia numerosa, en cuxo título de familia numerosa ou título oficial establecido ao efecto consten oito ou nove fillos.

-Bonificación do 50%, para aqueles suxeitos pasivos titulares de familia numerosa, en cuxo título de familia numerosa ou título oficial establecido ao efecto consten dez ou máis fillos.

Esta bonificación concederase a pedimento do interesado, exclusivamente para a súa vivenda habitual, entendéndose por vivenda habitual aquela na que figure empadroado e sempre que a suma dos ingresos totais das persoas que figuren no título de familia numerosa ou título oficial establecido ao efecto, non supere a cantidade resultante de multiplicar o salario mínimo interprofesional polo número de membros obrante no mencionado título.

Teñen a consideración de ingresos a suma da parte xeral máis a parte especial da base imponible, previas á aplicación do mínimo persoal e familiar do imposto sobre a renda das persoas físicas; correspondentes ao exercicio anterior ao de aplicación da bonificación.

Os suxeitos pasivos que soliciten por primeira vez a bonificación, deberá facelo antes da data de devengo do deste Imposto (1 de xaneiro), xustificando o cumprimento dos requisitos mencionados mediante a achega da seguinte documentación:

-Título de familia numerosa (co fin de acreditar o número de fillos a computar).

-Certificado tributario do Imposto da Renda das Persoas Físicas (IRPF) emitido pola AEAT, correspondente ao exercicio anterior ao de aplicación da bonificación, de cada unha das persoas que figuren no título de familia numerosa ou título oficial establecido ao efecto, maiores de 18 anos.

Quedarán exentos de aportar esta documentación cando autoricen expresamente ao Concello de Oleiros para solicitar á Axencia Estatal de Administración Tributaria a cesión de información por medios informáticos ou





CONCELLO DE OLEIROS

telemáticos do nivel de renda xeral para o recoñecemento do beneficio fiscal e a consulta á Xunta de Galicia dos datos do título de familia numerosa. Estas autorizacións manteranse vixentes en tanto non se comunique expresamente ao Concello de Oleiros a súa revogación.

Para o gozo da bonificación nos períodos impositivos seguintes ao de outorgamento da bonificación, cando non se autorice expresamente ao Concello ás consultas a que se refire o parágrafo anterior; o solicitante deberá de acreditar documentalmente que reúne os requisitos para o seu gozo antes da data de devengo do Imposto (1 de xaneiro), aportando a mesma documentación que a primeira vez que solicitou o beneficio fiscal.

O departamento tramitador do expediente consultará no padrón de habitantes do Concello o empadramento do suxeito pasivo do Imposto.

3.- Bonificación a favor de inmoables nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por fomento do emprego.

3.1.- En base ao establecido no artigo 74.2 quater do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de facendas locais, terán dereito a unha bonificación sobre a cota íntegra do imposto, os inmoables nos que se implanten actividades económicas ou empresariais que foran declaradas polo Alcalde-Presidente, segundo os criterios fixados polo Pleno, de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, nos solares vacantes dos ámbitos urbanísticos que se sinalan a continuación, sempre que coincida o suxeito pasivo do imposto e o titular da actividade e se cree emprego:

-SUNP I-33-R Industrial de Iñás.

-SUNP I-3-R (Iñás).

-SUNP A-32 e 2-A Xesta.

-Parcelas de solo urbano consolidado Ordenanza 8 do PGOM: Solo urbano industrial na intersección de Rúa das Ondas e Avenida das Mariñas (Perillo) , solares de uso industrial na Urbanización Icaria (Rúa Icaro e Vulcano) , solares na Rúa dos Álamos intersección coa Avenida das Mariñas e solares na Rúa Anade Real.

-POL-13 Bastiagueiro (Terciario).

-SUND D 15 R en Romardeiro.

-SUNP B 14 R Pazo de Lóngora.

-E en xeral as parcelas vacantes resultado de desenvolvementos urbanísticos de uso industrial e terciario en exclusiva.

En todo caso a bonificación aplicárase respecto do inmovible no que se incremente o cadro de persoal con contratos indefinidos iniciais, como consecuencia da implantación dunha actividade económica ou empresarial.

Polo tanto os traballadores afectados polos novos contratos de traballo deberán estar afectos á actividade das novas empresas, respecto do novo inmovible.

3.2.- Establécense os seguintes tramos de bonificación:

-Pola creación de ata 7 postos de traballo, o 50%.

-Pola creación de 8 a 10 postos de traballo, o 60%.

-Pola creación de 11 a 13 postos de traballo, o 75%.

-Pola creación de 14 a 16 postos de traballo, o 80%.

-Pola creación de 17 a 19 postos de traballo, o 85%.

-Pola creación de 20 postos de traballo, o 90%.

-Pola creación de máis de 20 postos de traballo, o 95%.

3.3.- O prazo de aplicación desta bonificación será como máximo de tres períodos impositivos e aplicárase desde o período impositivo seguinte á data de autorización de inicio da actividade no local.

3.4.- Non se considera creación de emprego:



a) A contratación de traballadores que tiveran relación laboral coa empresa ou grupo de empresas que se atopen afectadas por procesos de fusión, absorción, cambio de denominación, sucesión ou circunstancias similares.

b) As contratacións derivadas de traslados ou de movementos da persoal dentro da empresa ou do grupo de empresas, sexa da mesma ou de distinta actividade económica, dentro do termo municipal de Oleiros.

3.5.- Para o goce desta bonificación, os interesados presentarán no primeiro trimestre do exercicio seguinte á data da autorización de inicio da actividade no local, un escrito dirixido ao Alcalde solicitando a aplicación da bonificación neste imposto, acompañado da seguinte documentación asinada polo representante legal da empresa:

a) - Resolución de declaración de actividade económica ou empresarial de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego.

b) - Declaración censal do IAE ou certificación da Axencia Estatal de Administración Tributaria que acredite a data de inicio da actividade no termo municipal, no centro de traballo obxecto de bonificación.

c) - Declaración responsable na que indique a relación nominal mes a mes dos contratos indefinidos iniciais efectuados exclusivamente para o centro de traballo obxecto de bonificación realizados dende á data da autorización de inicio da actividade no local ata o mes de decembro do exercicio anterior ao que corresponde aplicar por primeira vez a bonificación no Imposto, distinguindo entre os contratos a xornada completa e os contratos a xornada parcial, indicando o número de horas de cada un deles acompañada da documentación xustificativa da mesma (informe de vida laboral do código conta de cotización....) e declaración xurada conforme os novos contratos non se corresponden cos supostos aos que se refiren os apartados a), e b) do apartado 3.4 deste artigo.

d) - En caso de que a actividade se vaia a desenvolver por un arrendatario, deberá acreditar que o propietario lle repercute o imposto sobre bens inmobles.

O Concello reservarase o dereito de solicitar tanta documentación sexa necesaria para a verificación da creación e mantemento de emprego que da lugar á aplicación da bonificación regulada nesta Ordenanza.

3.6. A comprobación da creación de emprego realizarase polo Departamento de Xestión Tributaria, previo informe dos Servizos Municipais de Emprego, tendo en conta a media de contratacións indefinidas iniciais realizadas desde a data de autorización de inicio da actividade ata o mes de decembro (incluído) do ano anterior ao que corresponda aplicar a bonificación no imposto.

No suposto de contratos a tempo parcial, a creación de emprego computarase de forma proporcional á xornada de traballo a tempo completo. Si do resultado do cómputo se obtén un número decimal, este redondearase ao número enteiro máis próximo.

O Alcalde-Presidente ditará resolución concedendo ou non a bonificación segundo corresponda.

3.7.- O goce da bonificación no segundo e terceiro exercicios queda condicionado ao mantemento das condicións que se cumpriron para o seu outorgamento.

Para realizar a comprobación do mantemento do emprego terase en conta a media dos contratos indefinidos existentes no ano natural anterior (de 1 de xaneiro a 31 de decembro).

Aportarase polo representante legal da empresa, dentro do primeiro trimestre do ano ao que se refire a bonificación, a documentación a que se refire o apartado c) do punto 3.5 anterior, correspondente ao ano natural anterior.

Non obstante, no caso de producirse variacións no número de postos de traballo, en relación aos que se tiveron en conta no momento de outorgar a bonificación o primeiro ano, procederase da seguinte maneira:

a) Si se mantén o número de postos de traballo ou o aumento ou diminución permite o mantemento no mesmo tramo, acordarase a bonificación nos termos iniciais.

b) No caso de que o incremento de postos de traballo de lugar a un cambio no tramo de bonificación, acordarase a porcentaxe que lle corresponda a ese novo tramo.

c) No caso de que a diminución de postos de traballo de lugar a un cambio no tramo da bonificación, acordarase a porcentaxe que corresponda ou a perda da mesma se é o caso.



3.8.- Esta bonificación poderá solicitarse en relación a inmobles onde se vaian a desenvolver novas actividades, instadas durante os cinco anos seguintes a contar dende a entrada en vigor da modificación deste artigo, aprobada por Pleno de data 30 de xuño do 2021.

4. Gozarán dunha bonificación do 50% da cota, durante os cinco períodos impositivos seguintes ao de finalización da súa instalación ou da obtención do certificado de eficiencia enerxética, os inmobles de uso residencial que constitúan a residencia habitual dos suxeitos pasivos, en calquera dos seguintes supostos, sempre que se acredite a concesión da licenza municipal ou a tramitación da declaración responsable ou comunicación previa:

4.1 Cando os inmobles teñan instalados sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía proveniente do sol para autoconsumo. Para a aplicación desta bonificación será necesario:

a.-Que os sistemas de aproveitamento térmico instalados dispoñan dunha superficie mínima de captación solar útil de 4 m² por cada 100 m² de superficie construída e que os sistemas de aproveitamento eléctrico dispoñan dunha potencia instalada mínima de 1 kw por cada 100 m² de superficie construída.

b.-Que as instalacións para produción de calor inclúan colectores homologados pola administración competente.

c.- Que a instalación dos sistemas de aproveitamento de enerxía solar non sexan obrigatoria de acordo coa normativa aplicable.

4.2. Que o inmovle teña certificado coa máis alta cualificación de eficiencia enerxética proveniente do aproveitamento da enerxía solar. Para a aplicación desta bonificación será necesario que a certificación enerxética coa máis alta cualificación non sexa obrigatoria de acordo coa normativa aplicable.

Os solicitantes da bonificación deberán acreditar o cumprimento dos requisitos mediante a presentación da seguinte documentación:

No suposto da bonificación do apartado 4.1 anterior:

- Proxecto técnico ou memoria técnica.
- Certificado de montaxe, no seu caso, e certificado de instalación dilixenciados polo organismo autorizado da Comunidade Autónoma (modelo IN407B ou similar).
- Especificacións técnicas dos sistemas instalados.
- Acreditación da concesión da licenza de obras, comunicación previa ou declaración responsable da obra e instalación dos sistemas de produción de enerxía.
- Certificado final das obras, no seu caso.
- Copia da autoliquidación/liquidación da taxa por licenza urbanística e Imposto de construción, instalacións e obras.
- Fotografía da instalación.

No suposto da bonificación do apartado 4.2 anterior:

-Acreditación da concesión de licenza de obras, comunicación previa ou declaración responsable da obras e instalación dos sistemas de produción de Enerxía.

Copia da autoliquidación/liquidación da taxa por licenza urbanística e Imposto de construcións, instalacións e obras.

-Certificado de eficiencia enerxética rexistrado no Rexistro de certificados de eficiencia enerxética de edificios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a concesión deste beneficio será necesario informe do Departamento de Urbanismo do Concello que acredite o cumprimento dos requisitos para o goce do mesmo. O departamento de Xestión Tributaria constatará de oficio o empadramento do suxeito pasivo no inmovle obxecto da solicitude.

-Fotografía da instalación.

Terán efectos no padrón do imposto as solicitudes presentadas antes do un de marzo de cada ano que reúnan os requisitos esixidos para o seu goce o día un de xaneiro. Transcorrido o período de goce sinalado, non se poderá conceder de novo o beneficio por este motivo.





5.- As bonificacións reguladas nos apartados 2 e 4 deste artigo e a regulada polo artigo 74.4 do RDL 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais., son compatibles entre si e aplicaranse de forma sucesiva.”

Cuarto.- Aprobar definitivamente a modificación do artigo 2º (punto 1) da Ordenanza Fiscal nº 10, reguladora do Imposto sobre bens inmoables, incrementando o tipo de gravame do imposto sobre bens inmoables aplicable aos bens de natureza urbana nun 10%, pasando de 0,605% a 0,6655%.

Tras esta modificación o artigo 2º queda redactado do modo seguinte:

“Artigo 2º

1.- O tipo de gravame do imposto sobre bens inmoables aplicable aos bens de natureza urbana queda fixado no 0,6655%.

2.- O tipo de gravame do imposto sobre bens inmoables aplicable aos bens de natureza rústica queda fixado no 0,75%.

3.- O tipo de gravame do imposto sobre bens inmoables aplicable aos bens de características especiais queda fixado no 1,3%.”

Quinto.- Publicar o acordo aprobatorio definitivo xunto cos textos íntegros dos artigos modificados da Ordenanza no Boletín Oficial de la Provincia.

Sexto.- Contra a aprobación definitiva poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo durante o prazo de dous meses, contados a partir da publicación do anuncio no BOP.”

Punto 7.- Expediente de modificación da Ordenanza Fiscal nº 11, reguladora do imposto sobre construcións, instalación e obras. Resolución das alegacións presentadas e aprobación definitiva, se procede, da mesma

Debatido o asunto conxuntamente co resto das ordenanzas e impostos a modificar, pásase directamente á votación do asunto.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 20 de decembro de 2023, acadándose o resultado de **catorce (14) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **sete (07) votos en contra** (cinco (05) do grupo municipal “Popular” e dous (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Tendo en conta o artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais é á vista do informe emitido polo TAE Inspección Tributaria de data 16 de decembro do 2024 en relación ás alegacións presentadas por D. Jesús Fernández Díez, en nome de Dona M. Carmen Acuña Docampo, en calidade de Portavoz do Grupo Municipal Socialista de Oleiros, a medio de escrito rexistro de entrada número 2024025458, de data 30 de novembro do 2024 e as presentadas por D. Jaime Castor Núñez Cartelle, con DNI 32838652B, en representación do Partido Popular de Oleiros, a medio de escrito rexistro de entrada número 2024026478 de data 13 de decembro do 2024, contra a aprobación inicial da modificación das Ordenanzas fiscais 1, 2, 3, 6, 10, 11, 12, 15, 27 e 31, aprobadas polo Pleno do Concello en data 24 de outubro do 2024, propónse ao Concello Pleno, adopción de acordo de:

Primeiro.- Desestimación das alegacións presentadas por D. Jesús Fernández Díez, en nome de Dona M. Carmen Acuña Docampo, en calidade de Portavoz do Grupo Municipal Socialista de Oleiros, a medio de escrito rexistro de entrada número 2024025458, de data 30 de novembro do 2024, contra a aprobación inicial da modificación da





Ordenanza fiscal nº 11, reguladora do Imposto sobre construcións, instalación e obras, posto que na tramitación da modificación do artigo 3º.2 da Ordenanza non se precisa memoria económico-financeira, axustándose a modificación ao establecido polo artigo 100 do TRLRFL e constando no expediente de proposta de aprobación inicial a motivación da mesma.

Segundo.- Desestimación das alegacións presentadas por D. Jaime Castor Núñez Cartelle, con DNI 32838652B, en representación do Partido Popular de Oleiros, a medio de escrito rexistro de entrada número 2024026478 de data 13 de decembro do 2024, contra a aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal nº 11, reguladora do Imposto sobre construcións, instalación e obras, por posto que a modificación do artigo 3º.2 da Ordenanza axústase ao establecido polo artigo 100 do TRLRFL e constando no expediente de proposta de aprobación inicial a motivación da mesma. A comparativa por municipios dos tipos impositivos que estanse a aplicar ten un carácter meramente informativo e non foi utilizada coma una xustificación para a subida proposta.

Terceiro.- Aprobar definitivamente a modificación do artigo 7º da Ordenanza Fiscal nº 11, reguladora do Imposto sobre construcións, instalación e obras. (A modificación deste artigo non foi obxecto de alegacións).

Tras esta modificación o texto do artigo 7º da Ordenanza Fiscal nº 11, reguladora do Imposto sobre construcións, instalación e obras, queda redactado do xeito seguinte:

“Artigo 7º.- BONIFICACIÓNS

1. Bonificacións para favorecer as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados.

As obras de reforma de edificacións xa existentes que se realicen co fin de favorecer as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados, beneficiaranse dunha bonificación do 60% da cota resultante e acorde coas seguintes regras:

- Necesariamente no inmovible a que se refiren as obras de reforma, ha de residir habitualmente unha persoa discapacitada, a cal debe estar empadroadada.

- Tomarase en consideración o orzamento total da obra para o cálculo da cota, sempre que a obra a realizar estea destinada unicamente á adaptación do edificio para favorecer as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados.

- No caso de que as obras estean destinadas á reforma da edificación, comprendendo no orzamento máis partidas ademais da adaptación da dita edificación para favorecer as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados, unicamente computarase para o cálculo da cota con dereito a bonificación, as partidas correspondentes. Para iso será necesario que o orzamento se presente desagregado na parte correspondente a obras que favorezan as ditas condicións. Xuntarán á solicitude memoria elaborada por técnico competente na que se motive e valoren as partidas correspondentes ás obras de acceso e habitabilidade de conformidade á normativa sobre accesibilidade para as que se solicita a bonificación.

A bonificación terá carácter rogado, e o prazo de solicitude será desde a presentación da solicitude da licenza de obra ata a finalización do prazo de ingreso da autoliquidación do imposto. Na solicitude deberá de identificarse á persoa discapacitada, autorizando ao Concello á consulta do Padrón Municipal de habitantes e aportarse certificado de discapacidade emitido polo órgano competente (Consellería de Sanidade e Servizos Sociais ou equivalente).

2. Bonificación a favor das construcións, instalacións ou obras que foran declaradas de especial interese ou utilidade municipal por fomento de emprego.

2.1.- En base ao establecido no apartado a) do artigo 103.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, establécese que terá dereito a unha bonificación de ata o 95 por cen na cota do imposto a realización de construcións, instalacións ou obras realizadas para a implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, cando esta fora declarada polo Alcalde segundo os criterios fixados polo Pleno, de especial interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias de fomento do emprego, sempre que coincidan as figuras de suxeito pasivo do imposto e o titular que promova o fomento de emprego e se implanten en solares vacantes dos ámbitos urbanísticos que se sinalan a continuación:

- SUNP I-33-R Industrial de Iñás.

- SUNP I-3-R (Iñás).

- SUNP A-32 e 2-A Xesta.



CONCELLO DE
OLEIROS

-Parcelas de solo urbano consolidado Ordenanza 8 do PGOM: Solo urbano industrial na intersección de Rúa das Ondas e Avenida das Mariñas (Perillo) , solares de uso industrial na Urbanización Icaria (Rúa Icaro e Vulcano) , solares na Rúa dos Álamos intersección coa Avenida das Mariñas e solares na Rúa Anade Real.

-POL-13 Bastiagueiro (Terciario).

-SUND D 15 R en Romardeiro.

-SUNP B 14 R Pazo de Lóngora.

-E en xeral as parcelas vacantes resultado de desenvolvementos urbanísticos de uso industrial e terciario en exclusiva.

En todo caso a bonificación aplicárase unicamente a aquelas construcións, instalacións ou obras destinadas á implantación dunha nova actividade económica ou empresarial na que se incremente o cadro de persoal con contratos indefinidos.

Polo tanto, os traballadores afectados polos novos contratos de traballo deberán estar afectos á actividade das novas empresas, respecto do novo local durante tres anos (36 meses) a contar desde a data de autorización de inicio da actividade.

2.2.- Establécense os seguintes tramos de bonificación:

-Pola creación de ata 7 postos de traballo, o 50%.

-Pola creación de 8 a 10 postos de traballo, o 60%.

-Pola creación de 11 a 13 postos de traballo, o 75%.

-Pola creación de 14 a 16 postos de traballo, o 80%.

-Pola creación de 17 a 19 postos de traballo, o 85%.

-Pola creación de 20 postos de traballo, o 90%.

-Pola creación de máis de 20 postos de traballo, o 95%.

2.3.- Non se considera creación de emprego:

a) A contratación de traballadores que tiveran relación laboral coa empresa ou grupo de empresas que se atopen afectadas por procesos de fusión, absorción, cambio de denominación, sucesión ou circunstancias similares.

b) As contratacións derivadas de traslados ou movementos do persoal dentro da empresa ou do grupo de empresas, sexa da mesma ou distinta actividade económica, dentro do termo municipal de Oleiros.

2.4.- As autoliquidacións polo Imposto que corresponda presentar en base ao establecido polo artigo 4º.2 desta Ordenanza calcularanse aplicando as porcentaxes de bonificación que corresponda de acordo co establecido no acordo de declaración de actividade económica ou empresarial de especial interese ou utilidade municipal por fomento do emprego. Acompañarán á autoliquidación copia de esta declaración.

2.5.- A comprobación da creación de emprego realizarase polo Departamento de Xestión Tributaria, previo informe dos Servizos Municipais de Emprego, tendo en conta a media de contratacións indefinidas iniciais realizadas durante o período de 36 meses a contar dende a data da autorización de inicio da actividade. Todo elo a efectos de establecer a porcentaxe de bonificación que corresponde aplicar na cota do imposto.

Para elo, o representante legal da empresa presentará durante o mes seguinte á finalización dese período de 36 meses, declaración responsable na que indique a relación nominal mes a mes dos contratos indefinidos iniciais efectuados exclusivamente para o centro de traballo obxecto de bonificación realizados nos 36 primeiros meses de exercicio da actividade, contados desde a data de autorización de inicio da actividade, distinguindo entre os contratos a xornada completa e os contratos a xornada parcial, indicando o número de horas de cada un deles, acompañada da documentación xustificativa da mesma (informe de vida laboral do código conta de cotización....) e declaración xurada conforme os novos contratos non se corresponden cos supostos aos que se refiren os apartados a) e b) do apartado 2.3 deste artigo.

O Concello reservarase o dereito de solicitar tanta documentación sexa necesaria para a verificación da creación e o mantemento de emprego que da lugar a aplicación da bonificación regulada nesta ordenanza.





Á vista da documentación presentada comprobarase a procedencia ou non da bonificación aplicada polo suxeito pasivo na autoliquidación, calculando o número de postos de traballo como promedio dos primeiros 36 meses de exercicio da actividade, a efectos de aplicar o tramo de bonificación que corresponda; practicando no seu caso a liquidación que corresponda.

2.7.-Esta bonificación poderá solicitarse respecto das construcións, instalacións ou obras referidas a novas actividades instadas durante os cinco anos seguintes a contar dende a entrada en vigor da modificación deste artigo, aprobada por Pleno de data 30 de xuño do 2021.

3.- Bonificación a favor das construcións, instalacións uo obras referentes ás vivendas de protección oficial.

Gozarán dunha bonificación do 50% na cota do imposto as obras de nova planta ou de rehabilitación xeral con destino a vivendas sometidas a calquera réxime de protección pública, presentándose autoliquidación do Imposto polo suxeito pasivo tal que como se regula polo artigo 4º da Ordenanza.

A tal efecto, no suposto de promocións mixtas que inclúan locais ou vivendas libres e vivendas protexidas, a porcentaxe de bonificación aplicárase á parte de cota correspondente a ás construcións, instalacións ou obras destinadas estritamente á construción das vivendas protexidas a que se refire este precepto. Igual prevención terá lugar no suposto de que a promoción comprenda vivendas suxeitas a rexímenes de protección pública distintos dos referidos neste artigo.

En ambos casos, para gozar de la bonificación, deberase aportar polo interesado un desglose do orzamento no que se determine razoadamente o coste que supón a construción dunhas e doutras vivendas. En caso de que non fose posible o seu desglose, a efectos da bonificación prorratearase o orzamento en proporción ás respectivas superficies. “

Cuarto.- Aprobar definitivamente a modificación do artigo 3º.2 da Ordenanza Fiscal nº 11, reguladora do Imposto sobre construcións, instalación e obras, modificándose o tipo de gravame a aplicar á base imponible para calcular a cota do imposto, pasando do 3% ao 3,5%.

Tras esta modificación o texto do artigo 3º da Ordenanza Fiscal nº 11, queda redactado do xeito seguinte:

“Artigo 3º.- BASE IMPOÑIBLE, COTA TRIBUTARIA E DEVENGO

1.- A base imponible deste imposto está constituída polo custe real e efectivo da construción, instalación ou obra, e enténdese por tal, a estes efectos, o custe de execución material de aquela.

Non forma parte da base imponible o Imposto sobre o Valor Engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estritamente, o custe de execución material.

2.- A cota do Imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame, que será do 3,5%.

3.- O imposto devégase no intre de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non se acadara a correspondente licenza.”

Quinto.- Aprobar definitivamente a modificación do Anexo da Ordenanza fiscal nº 11, actualizando os prezos medios de execución material segundo informe da Coordinadora de Servizos Urbanísticos de data 3 de outubro do 2024.

Tras esta modificación o Anexo queda redactado do modo seguinte:

“ANEXO Á ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS

Relación de módulos de construción, unidades de obra e prezos unitarios		
OBRA MAIOR		EUROS
m ²	Vivenda plurifamiliar	1.061,43
m ²	Vivenda unifamiliar	1.206,17





CONCELLO DE
OLEIROS

m ²	Reforma o rehabilitación de vivenda unifamiliar integral sen modificación de estrutura.	805,88
m ²	plantas soto e locais diáfanos	530,71
OBRA MENOR		
Demolicións		
m	Demolición de cierre zocalo+mallá 1,80m	51,33
m	Demolición muro fabrica, bloque o pedra 1,80m	61,26
m ²	Demolición de edificación por cada planta de 100m ² i/cimentación	85,45
m ²	Demolición de galpón	65,44
fachadas e cubertas		
m ²	Impermeabilización cubertas inclinadas	21,42
m ²	Colocación de tella.	52,69
m ²	Colocación de pizarra.	29,56
m ²	Impermeabilización cubertas planas	35,39
m	Cambio de canalóns o baixantes	28,68
m ²	Impermeabilización fachada con láminas	31,18
m ²	Illamento de fachada tipo SATE	36,25
m ²	Pintura fachadas	10,33
kw	Instalación solar fotovoltaica	1.288,00
interior		
ud	Reforma de baño 5m ²	3.434,70
ud	Reforma de cocina 15m ²	5.440,42
ud	Substitución de bañeira por prato de ducha	1.215,27
m ²	Cambio de Alicatado.	44,46
m ²	Cambio de Solado.	66,61
m ²	Substitución ventás	396,24
ud	Substitución porta entrada	866,02
ud	Substitución porta paso	233,19
ud	Porta acceso garaxe	2.595,82
m ²	Pintura interior paredes y teitos	6,47
ud	Substitución mecanismo ascensor	15.180,00
ud	Instalación ascensor novo	97.425,94
ud	Instalación salvaescaleiras	8.067,00
ud	Instalación de aerotermia s/radiadores	11.200,00
ud	Instalación de punto de recarga vehículo eléctrico	3.355,33
Urbanización		





CONCELLO DE
OLEIROS

m ²	Beirarrúa perimetral á vivenda	69,92
m ²	Soleira	51,46
m ²	Rampla	51,46
ud	Porta peonil	929,27
ud	Portalón vehículos	3.626,36
m	Cerramento de tea metálica	38,89
m	Cerramento de zócalo e tea metálica	119,75
m	Cerramento de muro de contención e tea metálica	222,87
m ²	Caseta prefabricada.	74,31
m ²	Edificación auxiliar / galpón	341,03
m ²	Porche	259,87
m ²	Pérgola	100,21
m ²	Piscina de obra	625,86
m ²	Piscina prefabricada	449,49
ud	Pista deportiva de Tenis (17x35)	20.746,29
ud	Pista deportiva de Pádel (10x20)	7.763,04
ud	Pozo artesiano	2.840,00."

Sexto.- Publicar o acordo aprobatorio definitivo xunto cos textos íntegros dos artigos e Anexo modificados da Ordenanza no Boletín Oficial de la Provincia.

Sétimo.- Contra a aprobación definitiva poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo durante o prazo de dous meses, contados a partir da publicación do anuncio no BOP."

Punto 8.- Expediente de modificación da Ordenanza Fiscal nº 12, reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica. Resolución das alegacións presentadas e aprobación definitiva, se procede, da mesma

Debatido o asunto conxuntamente co resto das ordenanzas e impostos a modificar, pásase directamente á votación do asunto.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de 'asuntos de competencia plenaria' que tivo lugar o pasado 20 de decembro de 2024, acadándose o resultado de **trece (13) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de "Alternativa dos Veciños"); **unha (01) abstención** (unha (01) do grupo municipal "Mixto"-BNG) e **sete (07) votos en contra** (cinco (05) do grupo municipal "Popular" e dous (02) do grupo municipal "Socialista").

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

"Tendo en conta o artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais é á vista do informe emitido polo TAE Inspección Tributaria de data 16 de decembro do 2024 en relación ás alegacións presentadas por D. Jesús Fernández Díez, en nome de Dona M. Carmen Acuña Docampo, en calidade de Portavoz do Grupo Municipal Socialista de Oleiros, a medio de escrito rexistro de entrada número 2024025458 e as presentadas por D. Jaime Castor Núñez Cartelle, con DNI 32838652B, en representación do Partido Popular de Oleiros, a medio de escrito rexistro de entrada número





CONCELLO DE
OLEIROS

2024026478 de data 13 de decembro do 2024, de data 30 de novembro do 2024, contra a aprobación inicial da modificación das Ordenanzas fiscais 1, 2, 3, 6, 10, 11, 12, 15, 27 e 31, aprobadas polo Pleno do Concello en data 24 de outubro do 2024, propónse ao Concello Pleno, adopción de acordo de:

Primeiro.- Desestimación das alegacións presentadas por D. Jesús Fernández Díez, en nome de Dona M. Carmen Acuña Docampo, en calidade de Portavoz do Grupo Municipal Socialista de Oleiros, a medio de escrito rexistro de entrada número 2024025458, de data 30 de novembro do 2024 e por D. Jaime Castor Núñez Cartelle, con DNI 32838652B, en representación do Partido Popular de Oleiros, a medio de escrito rexistro de entrada número 2024026478 de data 13 de decembro do 2024, contra a aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal nº 12, reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica, posto que na tramitación da modificación do artigo 1º da Ordenanza non se precisa memoria económico-financiera, axustándose a modificación ao establecido polo artigo 95.4 do TRLRFL e constando no expediente de proposta de aprobación inicial a motivación da mesma.

Segundo.- Desestimación das alegacións presentadas por D. Jesús Fernández Díez, en nome de Dona M. Carmen Acuña Docampo, en calidade de Portavoz do Grupo Municipal Socialista de Oleiros, a medio de escrito rexistro de entrada número 2024025458, de data 30 de novembro do 2024 e por D. Jaime Castor Núñez Cartelle, con DNI 32838652B, en representación do Partido Popular de Oleiros, a medio de escrito rexistro de entrada número 2024026478 de data 13 de decembro do 2024, contra a aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal nº 12, reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica, posto que a modificación do artigo 1º axústase ao establecido polo artigo 95.4 do TRLRFL e constando no expediente de proposta de aprobación inicial a motivación da mesma. A comparativa por municipios dos tipos impositivos que estanse a aplicar ten un carácter meramente informativo e non foi utilizada coma una xustificación para a subida proposta.

Terceiro.- Aprobar definitivamente a modificación do artigo 1º da Ordenanza Fiscal nº 12, reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica, modificándose o coeficiente fixado polo citado artigo en 1,3348 para todas as clases de vehículos, excepto para os turismos de 20 cabalos fiscais en diante, pasando a ser 1,5350 (incremento dun 15%) e modificándose o coeficiente fixado polo mesmo artigo en 1,8705 para os turismos de 20 cabalos fiscais en diante, pasando a ser 2,00 (incremento de 6,9323%), redondear por exceso ou por defecto as cotas resultantes ata o inmediato múltiplo de 5.

Tras esta modificación o texto do artigo 1º da Ordenanza Fiscal nº 12, reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica, queda redactado do xeito seguinte:

“Artigo 1º.-

De conformidade co previsto no artigo 95.4 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o coeficiente de incremento nas cotas do imposto sobre vehículos de tracción mecánica aplicable a este municipio, en relación co cadro de tarifas do artigo 95.1 do citado texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, queda fixado en **1,5350** para todas as clases de vehículos, excepto para os turismos de 20 cabalos en diante que será do **2,00**; resultando os seguintes importes, una vez redondeados por exceso ou por defecto ata o inmediato múltiplo de 5:

CLASE DE VEHICULO E POTENCIA	CUOTA TRIBUTARIA
TURISMOS	
De menos de 8 cabalos fiscais	19,40
De 8 ata 11,99 cabalos fiscais	52,30
De 12 ata 15,99 cabalos fiscais	110,40
De 16 ata 19,99 cabalos fiscais	137,55
De 20 cabalos fiscais	224,00
AUTOBUSES	
De menos de 21 prazas	127,90
De 21 a 50 prazas	182,10
De máis de 50 prazas	227,60
CAMIONES	
De menos de 1000 kg de carga útil	64,90
De 1000 a 2999 kg de carga útil	127,90
De máis de 2999 a 9999 kg de carga útil	182,10



CONCELLO DE
OLEIROS

De máis de 9999 kg de carga útil	227,60
TRACTORES	
De menos de 16 cabalos fiscais	27,10
De 16 a 25 cabalos fiscais	42,60
De máis de 25 cabalos fiscais	127,90
REMOLQUES E SEMIREMOLQUES	
De menos 1000 kg e mais 750 kg carga útil	27,10
De 1000 a 2999 kg de carga útil	42,60
De máis de 2999 kg de carga útil	127,90
OUTROS VEHICULOS	
Ciclomotores	6,80
Motocicletas ata 125 cc	6,80
Motocicletas de máis de 125 ata 250 cc	11,60
Motocicletas de máis de 250 ata 500 cc	23,30
Motocicletas de máis de 500 ata 1000 cc	46,50
Motocicletas de máis de 1000 cc	93,00

Para a aplicación do anterior cadro de tarifas estarase ao disposto no Anexo II do Real Decreto 2.822/1998 do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Vehículos, en relación ás definicións e categorías de vehículos e tendo en conta, ademais as seguintes regras:

a) Os vehículos mixtos adaptables e os derivados de turismos (clasificacións 31 e 30 respectivamente, conforme ao Anexo II do Regulamento Xeral de Vehículos) tributarán como turismo, de acordo coa súa potencia fiscal, salvo nos seguintes casos:

1º. Se o vehículo estivese habilitado para o transporte de máis de nove persoas, incluído o condutor, tributará conforme á letra B) do artigo 4º.

2º. Se o vehículo estivese autorizado para transportar máis de 525 quilogramos de carga útil, tributará conforme á letra C) do artigo 4º.

b) Os motocarros tributarán, aos efectos deste Imposto, pola súa cilindrada conforme á letra F) do artigo 4º.

c) No caso dos vehículos articulados tributarán simultaneamente e por separado, o que leve a potencia de arrastre e os remolques e semirremolques arrastrados.

d) As máquinas autopropulsadas que poidan circular polas vías públicas sen ser transportadas ou arrastradas por outro vehículo de tracción mecánica, tributarán polas tarifas correspondentes aos tractores.

e) A potencia fiscal do vehículo expresada en cabalos fiscais establecerase de acordo co disposto no artigo 11 do Regulamento Xeral de Vehículos, aprobado polo Real Decreto 2.822/1998 e elo en relación ao previsto no Anexo V do mesmo texto legal, segundo o tipo de motor, expresada con dúas cifras decimais aproximadas por defecto.

f) A carga útil do vehículo, a efectos do imposto, á a diferenza entre a Masa Máxima Autorizada (M.M.A.) e a Tara do vehículo, expresadas ambas magnitudes en Quilogramos.

g) Os vehículos furgóns (clasificacións 24, 25 e 26 segundo o Anexo II do Regulamento Xeral de Vehículos) tributarán, aos efectos deste imposto, pola súa carga útil conforme á letra C) do artigo 4º."

Cuarto.- Aprobar definitivamente a modificación do artigo 5º Bonificacións, como consecuencia da derogación do Real Decreto 1247/1995, de 14 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Vehículos Históricos, tal e como se establece pola Disposición derogatoria única do Real Decreto 892/2024, de 10 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de Vehículos Históricos, sendo a referencia correcta á lexislación, o Real Decreto 892/2024, de 10 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de Vehículos Históricos. (A modificación deste artigo non foi obxecto de alegacións).

Tras esta modificación o artigo 5º Bonificacións queda redactado do modo seguinte:

"Artigo 5º.- BONIFICACIÓNS



1. Os vehículos históricos catalogados de acordo co establecido no **Real Decreto 892/2024, de 10 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de Vehículos Históricos**, gozarán dunha bonificación do 100% da cota incrementada ou non do Imposto.

Para poder gozar desta bonificación os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e a súa antigüidade. A estes efectos deberán xuntar á solicitude, o permiso de circulación, a ficha técnica do vehículo, o NIF/CIF do solicitante e a resolución da catalogación como vehículo histórico ditada polo órgano competente da Comunidade Autónoma, no seu caso.

Os interesados presentarán a solicitude antes do 31 de decembro de cada ano e terá efectos no período impositivo seguinte a aquel en que se formulase a correspondente solicitude.

Non se concederá esta bonificación a aqueles suxeitos pasivos que figuren con débedas pendentes por calquera concepto fronte á Facenda municipal.

2.-Os vehículos das clases turismos, camións, furgóns, furgonetas, vehículos mixtos adaptables, autobuses, autocares, ciclomotores e motocicletas beneficiaranse nos termos que se dispoñen nos seguintes apartados, dunha bonificación na cota do imposto, en función das características dos motores, a clase de combustible que consume o vehículo e a incidencia da combustión no medio ambiente, sempre que cumpran as condicións e requisitos seguintes:

a) Que se trate de vehículos híbridos (motor eléctrico-gasolina, eléctrico-diésel ou eléctrico-gas) que estean homologados de fábrica, incorporando dispositivos catalizadores, adecuados á súa clase e modelo, que minimice as emisións contaminantes.

Estes vehículos beneficiaranse dunha bonificación do 50% na cota do imposto durante catro anos naturais desde a súa primeira matriculación.

b) Que se trate de vehículos de motor eléctrico, impulsados por enerxía solar e/ ou emisión nulas.

Estes vehículos beneficiaranse dunha bonificación do 50% na cota do imposto con carácter indefinido, en tanto se manteñan as circunstancias de motor, enerxía utilizada e emisións sinaladas.

c) Que se trate de vehículos que utilicen como combustible o biogás, gas natural comprimido, metano, metanol, hidróxeno ou GLP (gas licuado del petróleo).

Estes vehículos se beneficiarán dunha bonificación do 50% na cota do imposto mentres utilicen os combustibles citados.

As bonificacións citadas anteriormente a), b) e c) terán carácter rogado, e dicir, os interesados deberán instar a súa concesión acompañando: A ficha técnica do vehículo e a documentación acreditativa dos requisitos.

No suposto de que se desexa que a bonificación produza efecto no mesmo período impositivo no que se produce a matriculación, a solicitude deberá formularse no momento de efectuar a presentación-ingreso da correspondente autoliquidación do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, obrigatoria para a dita matriculación. En caso de que se presente con posterioridade, a bonificación producirá efecto para o período impositivo seguinte á data de presentación da citada solicitude, non alcanzando ás cotas percibidas con anterioridade."

Quinto.- Publicar o acordo aprobatorio definitivo xunto cos textos íntegros dos artigos modificados da Ordenanza no Boletín Oficial de la Provincia.

Sexto.- Contra a aprobación definitiva poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo durante o prazo de dous meses, contados a partir da publicación do anuncio no BOP."

Punto 9.- Expediente de modificación da Ordenanza Fiscal nº 15, reguladora da prestación patrimonial de carácter non tributario pola prestación do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e outras actividades conexas a este. Resolución das alegacións presentadas e aprobación definitiva, se procede, da mesma





CONCELLO DE
OLEIROS

Debatido o asunto conxuntamente co resto das ordenanzas e impostos a modificar, pásase directamente á votación do asunto.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de 'asuntos de competencia plenaria' que tivo lugar o pasado 20 de decembro de 2024, acadándose o resultado de **catorce (14) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de "Alternativa dos Veciños" e un (01) do grupo municipal "Mixto"-BNG) e **sete (07) votos en contra** (cinco (05) do grupo municipal "Popular" e dous (02) do grupo municipal "Socialista").

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

"Tendo en conta o artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais é á vista do informe emitido polo TAE Inspección Tributaria de data 16 de decembro do 2024 en relación ás alegacións presentadas por D. Jesús Fernández Díez, en nome de Dona M. Carmen Acuña Docampo, en calidade de Portavoz do Grupo Municipal Socialista de Oleiros, a medio de escrito rexistro de entrada número 2024025458, de data 30 de novembro do 2024 e as presentadas por D. Jaime Castor Núñez Cartelle, con DNI 32838652B, en representación do Partido Popular de Oleiros, a medio de escrito rexistro de entrada número 2024026478 de data 13 de decembro do 2024, contra a aprobación inicial da modificación das Ordenanzas fiscais 1, 2, 3, 6, 10, 11, 12, 15, 27 e 31, aprobadas polo Pleno do Concello en data 24 de outubro do 2024, propónse ao Concello Pleno, adopción de acordo de:

Primeiro.- Desestimación das alegacións presentadas por D. Jesús Fernández Díez, en nome de Dona M. Carmen Acuña Docampo, en calidade de Portavoz do Grupo Municipal Socialista de Oleiros, a medio de escrito rexistro de entrada número 2024025458, de data 30 de novembro do 2024 contra a aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal nº 15, reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributario pola prestación do servizo de abastecemento de auga potable e outras actividades conexas a este, polos motivos seguintes:

- O informe económico do servizo de abastecemento de auga potable para o exercicio 2025 emitido polo Xerente de AquaOleiros, S.A en data 10/10/2024 cumpre con todos os requisitos establecidos no TRLRFL.

-En relación á alegación relativa á mala xestión da rede de abastecemento de Oleiros polos excesivos volumes de auga non controlados (perdas ou ANR), sinalar que trátase de críticas ao funcionamento do servizo da auga, a xestión das perdas, os consumos non rexistrados, polo que a responsabilidade por estes temas deben ser obxecto de debate noutras instancias, como o control da acción de goberno nas sesións plenarias, e non das alegacións á modificación da ordenanza fiscal.

-Respecto á creación dunha tarifa de subministración de protección contra incendios, cun tramo único de 0,60 €/m³, sinalar que esta aplícase ás tomas destinadas exclusivamente á extinción de incendios, polo que non pode aplicarse a outro tipo de consumos domésticos ou non domésticos.

Segundo.- Desestimación das alegacións presentadas por D. Jaime Castor Núñez Cartelle, con DNI 32838652B, en representación do Partido Popular de Oleiros, a medio de escrito rexistro de entrada número 2024026478 de data 13 de decembro do 2024 contra a aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal nº 15, reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributario pola prestación do servizo de abastecemento de auga potable e outras actividades conexas a este, polos motivos seguintes:

-Non se discute o cumprimento do artigo 24.2 do TRLRHL que establece que "o importe das taxas pola prestación dun servizo ou pola realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto, do custo real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate ou, na súa falta, do valor da prestación recibida".

Trátase máis ben de críticas á forma de xestión do servizo de auga e ao funcionamento do mesmo, da xestión das perdas e dos consumos non rexistrados, polo que a responsabilidade por estes temas deben ser obxecto de debate noutras instancias, como o control da acción de goberno nas sesións plenarias, e non das alegacións á modificación da ordenanza fiscal.



CONCELLO DE
OLEIROS

Terceiro.- **Aprobar definitivamente a modificación do artigo 5º. A) da Ordenanza Fiscal nº 15, reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributario pola prestación do servizo de abastecemento de auga potable e outras actividades conexas a este, por cambios nas tarifas.**

Tras esta modificación o texto do artigo 5º da Ordenanza Fiscal nº 15, queda redactado do xeito seguinte:

“Artigo 5º.- CUANTIFICACIÓN DAS TARIFAS

As prestacións a aboar determinaranse conforme ás seguintes tarifas, que se incrementarán no seu caso, con IVE vixente en cada momento:

A) Tarifa por abastecemento domiciliario de auga potable:

A.1) Tarifa xeral por abastecemento de auga potable:

		PRECIO M³.
SUBMINISTRACIÓN DOMÉSTICA		
Tramo 1	Consumo menor ou igual a 18 m³/ trimestre	0,00 €
Tramo 2	Consumos superiores a 18 m³. ata 36 m³/trimestre	0,45 €
Tramo 3	Consumos superiores a 36 m³. ata 72 m³/trimestre	0,85 €
Tramo 4	Consumos superiores a 72 m³/trimestre	1,10 €
SUBMINISTRACIÓN NON DOMÉSTICA		
Tramo 1	Consumo menor ou igual a 18 m³/ trimestre	0,60 €
Tramo 2	Consumos superiores a 18 m³. ata 36 m³/trimestre	0,60 €
Tramo 3	Consumos superiores a 36 m³. ata 72 m³/trimestre	0,85 €
Tramo 4	Consumos superiores a 72 m³/trimestre	1,10 €
SUBMINISTRACIÓN OBRAS		
Tramo 1	Consumo menor ou igual a 18 m³/ trimestre	0,60 €
Tramo 2	Consumos superiores a 18 m³. ata 36 m³/trimestre	0,60 €
Tramo 3	Consumos superiores a 36 m³. ata 72 m³/trimestre	0,85 €
Tramo 4	Consumos superiores a 72 m³/trimestre	1,10 €
SUBMINISTRACIÓN PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS		
Tramo único	Calquera consumo	0,60 €

Cota de dispoñibilidade

Establécese unha **cota de dispoñibilidade de 15€/trimestre**, que dá dereito ao acceso permanente ao Servizo de Auga Potable e que se abonará con independencia de que se realice o consumo ou non.

Determinación dos consumos a facturar.

A cuantificación do volume de auga consumida determinarase polos seguintes procedementos:

- Por diferenza de índices entre dúas lecturas consecutivas.
- Por estimación de consumos:

1. No caso de contadores avariados facturarase atendendo ás seguintes circunstancias: Se existen antecedentes de consumo superiores a un ano, facturarase igual cantidade do mesmo período do ano anterior no que exista rexistro. Se fosen inferiores ao ano, calcularíase a media aritmética dos coñecidos. Senón existisen antecedentes ou os que se tivesen non reflectisen con exactitude os consumos reais por non ter detectada a avaría do contador con anterioridade, instálase un novo contador, e unha vez transcorridos un mínimo de quince días prorratearase a súa lectura.





2. No caso de non poder realizarse lectura por causas alleas á entidade subministradora, o consumo a facturar será cero, cobrándose unicamente a cota de dispoñibilidade que se recolla na Ordenanza fiscal, sumándose o consumo para o primeiro período en que exista lectura real. Correrán por conta dos abonados os incrementos do recibo acontecidos como consecuencia da acumulación de maior volume nos tramos de tarifa máis elevada.

Reducións por avarías fortuítas

No caso de constatare a existencia de avarías ocultas nas instalacións interiores non imputables ao usuario que desvirtúen o volume de consumos habituais deste, a Entidade Subministradora poderá aplicar unha redución na factura previa solicitude do abonado, nos seguintes termos:

- a) A redución aplicarase con independencia de que tipo de tarifa de abastecemento domiciliario sexa.
- b) O desconto realizarase unicamente sobre a cantidade de m^3 fuxida, resultante de restar ao consumo rexistrado no recibo que se revise o que se realizou durante o mesmo período de facturación do ano anterior. De non existir antecedentes suficientes, terase en conta para calcular este dato o consumo realizado nos 15 días posteriores á reparación da fuga prorrateado a un trimestre.
- c) A redución na facturación, será o equivalente a cobrar a cantidade de m^3 fuxidos, calculados segundo o exposto no apartado b), ao prezo vixente do primeiro tramo da tarifa para uso non doméstico.
- d) No caso de contadores xerais, a redución que fai referencia o presente apartado aplicarase unicamente cando a avaría se produza na instalación xeral da comunidade.
- e) A entidade subministradora deberá comprobar a veracidade dos feitos, ben facendo unha comprobación “in situ” ou solicitando as probas que se estimen oportunas ao abonado, tal como fotos, informe técnico ou factura da reparación.
- f) Non se modificará ningunha factura por este motivo mentres non sexa reparada a avaría que provocou a perda de caudais.
- g) A reiteración de avarías dunha mesma instalación nun curto espazo de tempo, será motivo suficiente para que a entidade subministradora non revise os consumos por este motivo, entendendo que existe deixamento no correcto mantemento da instalación.

A.2) Tarifas reducidas por abastecemento de auga potable:

A.2.1 Tarifa reducida no consumo doméstico da auga potable a aquelas vivendas nas que convivan máis de catro persoas, sempre que estas estean empadroadas na mesma vivenda.

1) Condicións:

- a) Beneficiario da tarifa reducida terá que ser titular da póliza individual do aboamento á subministración da auga e estar empadroado na dirección de subministro. Esta tarifa reducida aplicarase de oficio, a partir da facturación do trimestre posterior á data en que se produce o cambio de circunstancias.
- b) Día primeiro de cada trimestre natural serán notificadas polo Departamento de Estatística do Concello á entidade subministradora do servizo de auga potable as modificacións ocorridas durante o trimestre anterior en máis ou en menos do número de persoas empadroadas por vivenda, que poidan modificar o dereito á tarifa reducida.

2) Importe da tarifa reducida:

- a) Os aboamentos de uso doméstico, de vivendas habitadas por máis de catro persoas e menos de oito, beneficiaranse da aplicación dunha tarifa reducida no consumo, entre 19 m^3 /ttre e 72 m^3 /ttre, consistente en aplicarlle a estes m^3 o prezo do segundo tramo. No caso de que o consumo supere os 72 m^3 /ttre, o exceso cobrarase ao prezo do tramo correspondente.
- b) Os aboamentos de uso doméstico, de vivendas habitadas por oito persoas ou máis, beneficiaranse da aplicación dunha tarifa reducida no consumo entre 19 m^3 /ttre e 90 m^3 /ttre, consistente en aplicarlle a estes m^3 o prezo do segundo tramo. No caso de que o consumo supere os 90 m^3 /ttre, o exceso cobrarase ao prezo do tramo correspondente.

A.2.2 Tarifa reducida no consumo doméstico da auga potable a aquelas comunidades de propietarios nas que exista un contrato para o consumo de auga quente sanitaria conxunto para todas as vivendas, consistente en aplicar a totalidade dos metros cúbicos consumidos o prezo vixente do segundo tramo da tarifa para uso





doméstico.

B) Dereitos de acometida á rede xeral de abastecemento de auga.

B.1) Tarifa xeral por dereitos de acometida á rede de abastecemento de auga:

Co obxecto de compensar o valor proporcional das inversións que o Concello deba realizar nas ampliacións, modificacións ou reformas e melloras das súas redes de distribución, ben no momento da solicitude, ou noutra ocasión, e no mesmo lugar ou en distinto a aquel do que se solicita a acometida, para manter a capacidade de abastecemento do sistema de distribución, nas mesmas condicións anteriores á prestación da nova subministración, e sen ningunha diminución para os preexistentes, aboaranse os seguintes importes:

Diámetro Ø acometida (mm)	Importe do dereito
Ata 25 (inclusive)	289,40 €
30	347,27 €
40	463,02 €
50	578,79 €
60	694,54 €
70	810,29 €
80	926,04 €
100	1.157,55 €

O non previsto na escala anterior liquidarase a razón de 11,58 € por mm de diámetro de acometida.

B.2) Tarifa reducida por dereitos de acometida á rede de abastecemento de auga:

Aboarán unicamente o 10% da tarifa B.1) anterior, aqueles propietarios que colaborasen economicamente na realización das obras comunitarias do abastecemento da auga, segundo conste nos documentos obrantes no Concello. Ao tratarse dun servizo de recepción obrigatoria, os propietarios que acometan á rede construída coa colaboración económica doutros veciños, virán obrigados a reintegrar ao Concello a parte proporcional que lles corresponda da achega veciñal. Ademais deberán satisfacer a totalidade da tarifa por dereito de acometida.

C) Formalización da póliza de enganche:

A formalización da póliza de enganche formalizarase co pagamento previo de 23,16 €.

D) Precintado de contador:

O importe a satisfacer por cada precintado do contador será de 3,85 €.

E) Dereitos de reenganche:

O importe a satisfacer polos dereitos de reenganche será de 38,58 €.

F) Derrogado.

G) Alta do punto de subministración, que comprende a realización da acometida (obra mecánica) e instalación do contador, a que se refire o artigo 27 do Regulamento do subministro domiciliario de auga potable do Concello de Oleiros:

O importe da tarifa é o sumatorio dos importes correspondentes ás táboas a.1) e a.2) (cando corresponda), e b) seguintes:

Táboa a.1:

Acometidas con "T" fundición Bridada de derivación sobre acometidas de ata 6m de lonxitude (€)				Acometidas con collarín de fundición sobre acometidas de ata 6m de lonxitude (€)			
Tubo orixe da acometida (mm)	Diámetro tubería derivación para acometida Ømm (pulgadas)			Diámetro tubería acometidas Øpulgadas			
	100(4")	90(3")	75 (2 ½")	2"	1 ½" ou 1 1/4"	1"	3/4"





CONCELLO DE
OLEIROS

300mm	1.665,72	1.441,67	1.382,86	568,28	442,89	275,02	253,81
200mm	1.020,61	854,22	799,00	554,61	429,22	261,35	240,14
160mm	1.010,33	843,83	788,73	547,53	421,64	253,77	232,52
150mm	874,85	708,35	653,25	520,53	395,14	227,27	206,06
110mm	859,71	693,74	635,39	514,39	389,00	221,13	199,92
100mm	791,25	625,28	566,93	509,23	383,84	215,97	194,76
90mm		664,47	610,25	487,73	362,34	194,47	173,26
75mm			572,35	487,03	361,64	193,77	172,56
63mm ou menos				469,53	344,14	176,27	155,56

Táboa a.2.- Incremento por metro de tubería a partires de 6 m.

4" (100mm)	3" (90mm)	2 1/2" (75mm)	2" (63mm)	1 1/2" ou 1 1/4"	1" (32mm)	3/4" (25mm)
36,16 €	13,24 €	10,09 €	4,81 €	3,40 €	3,13 €	2,64 €

Táboa b.- Subministro, instalación e precintado do primeiro contador		
Diámetro do contador	Importe	
	Contadores ordinarios Vol.	Contadores de Bidas WOLTMANN (Contra Incendios)
13 mm.	41,60 €	-
15 mm.	41,60 €	-
20 mm.	63,41 €	-
25 mm.	139,44 €	-
30 mm.	209,42 €	-
40 mm.	247,01 €	-
50 mm.	279,79 €	389,76 €
65 mm.	-	436,50 €
80 mm.	-	493,49 €
100 mm.	-	547,69 €
150 mm.	-	886,64 €
200 mm.	-	1.229,18 €

H) Mantemento do punto de subministración, que comprende a reparación, mantemento e substitución, tanto do contador instalado como do tramo da acometida que discorre polo dominio público, ata o límite da finca a fornecer, a que se refire o artigo 26 do Regulamento do subministro domiciliario de auga potable do Concello de Oleiros: 1,23 €/trimestre.

I) Levantamento de contador para a súa verificación efectuada a instancia do obrigado ao pago da tarifa, no suposto contemplado no artigo 43.2 do Regulamento do subministro domiciliario de auga potable do Concello de Oleiros:

Diámetro do contador	Importe (€)
13 mm.	95,50
15 mm.	95,50
20 mm.	100,00
25 mm.	101,13





CONCELLO DE
OLEIROS

30 mm.	102,25
40 mm. ou máis	104,50

J) Manobra sobre a rede de subministración a que se refire o artigo 15 do Regulamento do subministro de auga potable do Concello de Oleiros: 22,50 € /manobra.

K) Inspección de instalacións auxiliares: 42,38 €.

Esta tarifa é compatible coa tarifa regulada no apartado J). “

Cuarto.- Publicar o acordo aprobatorio definitivo xunto co texto íntegro do artigo modificado da Ordenanza no Boletín Oficial de la Provincia.

Quinto.- Contra a aprobación definitiva poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo durante o prazo de dous meses, contados a partir da publicación do anuncio no BOP.”

Punto 10.- Expediente de modificación da Ordenanza Fiscal nº 27, reguladora da taxa pola prestación de servizos urbanísticos. Resolución das alegacións presentadas e aprobación definitiva, se procede, da mesma

Debatido o asunto conxuntamente co resto das ordenanzas e impostos a modificar, pásase directamente á votación do asunto.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 20 de decembro de 2024, acadándose o resultado de **catorce (14) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **sete (07) votos en contra** (cinco (05) do grupo municipal “Popular” e dous (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Tendo en conta o artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais é á vista do informe emitido polo TAE Inspección Tributaria de data 16 de decembro do 2024 en relación ás alegacións presentadas por D. Jesús Fernández Díez, en nome de Dona M. Carmen Acuña Docampo, en calidade de Portavoz do Grupo Municipal Socialista de Oleiros, a medio de escrito rexistro de entrada número 2024025458, de data 30 de novembro do 2024 e as presentadas por D. Jaime Castor Núñez Cartelle, con DNI 32838652B, en representación do Partido Popular de Oleiros, a medio de escrito rexistro de entrada número 2024026478 de data 13 de decembro do 2024, contra a aprobación inicial da modificación das Ordenanzas fiscais 1, 2, 3, 6, 10, 11, 12, 15, 27 e 31, aprobadas polo Pleno do Concello en data 24 de outubro do 2024, proponse ao Concello Pleno, adopción de acordo de:

Primeiro.- Desestimación das alegacións presentadas por D. Jesús Fernández Díez, en nome de Dona M. Carmen Acuña Docampo, en calidade de Portavoz do Grupo Municipal Socialista de Oleiros, a medio de escrito rexistro de entrada número 2024025458, de data 30 de novembro do 2024, contra a aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal nº 27, reguladora da Taxa pola prestación de servizos urbanísticos, por canto na tramitación da mesma se aplicou a lexislación en vigor (artigo 25 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigo 20 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación de la economía española e RD 55/2017, de 3 de febreiro).

Segundo.- Desestimación das alegacións presentadas por D. Jaime Castor Núñez Cartelle, con DNI 32838652B, en representación do Partido Popular de Oleiros, a medio de escrito rexistro de entrada número 2024026478 de data 13 de decembro do 2024, contra a aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal nº 27, reguladora da Taxa pola prestación de servizos urbanísticos, por canto na tramitación da mesma se aplicou a lexislación en vigor (artigo 25 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei



CONCELLO DE
OLEIROS

Reguladora das Facendas Locais, artigo 20 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación de la economía española e RD 55/2017, de 3 de febreiro).

Terceiro.- Aprobar definitivamente a modificación da Ordenanza Fiscal nº 27, reguladora da Taxa pola prestación de servizos urbanísticos, incrementándose as tarifas reguladas no artigo 6º nun 2%;

Tras esta modificación o texto do artigo 6º da Ordenanza Fiscal nº 27, reguladora da Taxa pola prestación de servizos urbanísticos, queda redactado do xeito seguinte:

“Artigo 6º.- Cota tributaria

A cota tributaria que procede aboar polas taxas correspondentes a cada un dos servizos urbanísticos determinaranse mediante a aplicación das seguintes tarifas:

Epígrafe A) Tramitación de autorizacións de usos: 50,92 €

Epígrafe B) Tramitación de licencias de reserva de espazo e placa de vao: 62,99 €

Epígrafe C) Tramitación de licenzas de apertura de piscinas de uso colectivo: 45,55 €

Epígrafe D) Tramitación de autorizacións autonómicas, previas á licenza urbanística: 128,63 €

Epígrafe E) Tramitación de licenzas de instalación de tanques de G.L.P.:

- De 2.400 litros: 61,63 €

- Correspondentes a colectividade: 194,30 €

Epígrafe F) Tramitación de licenzas de apertura de garaxes correspondentes a edificios plurifamiliares: 194,30 €

Epígrafe G) Emisión de certificados/informes de non existencia de infracción por división de fincas con base a escrituras de antigüidade superior a 10 anos: 36,18 €

Epígrafe H): Emisión de certificados/informes de non existencia de infracción por construcións e comprobación da antigüidade segundo as fotografías aéreas obrantes en poder desta Administración: 17,42 €.

Epígrafe I).- Pola tramitación de instrumentos de planeamento (plan parcial, plan especial, estudio de detalle, etc.) a iniciativa particular:

I.1.- Sobre solo urbano, por cada un: 0,5661 €/m2.

I.2.- Sobre solo urbanizable, por cada un: 0,0930 €/m2.

I.3.- Sobre solo rústico, por cada un: 0,4464 €/m2.

Epígrafe J).- Pola tramitación de instrumentos de xestión urbanística (normalización de fincas, proxectos de reparcelación, sistema de compensación, proxectos de ocupación directa, proxectos de expropiación, etc.), a iniciativa particular:

J.1.- Sobre solo urbano, por cada un: 0,6551 €/m2.

J.2.- Sobre solo urbanizable, por cada un: 0,1076 €/m2.

J.3.- Sobre solo rústico, por cada un: 0,5165 €/m2.

Epígrafe K).- Pola tramitación de instrumentos de execución urbanística (proxectos de urbanización, proxectos de obra ordinaria de urbanización, etc.) a iniciativa particular:

K.1.- Sobre solo urbano, por cada un: 0,4786 €/m2.

K.2.- Sobre solo urbanizable, por cada un: 0,0785 €/m2.

K.3.- Sobre solo rústico, por cada un: 0,3772 €/m2.”

Cuarto.- Publicar o acordo aprobatorio definitivo xunto co texto íntegro do artigo modificado da Ordenanza no Boletín Oficial de la Provincia.

Quinto.- Contra a aprobación definitiva poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo durante o prazo de dous meses, contados a partir da publicación do anuncio no BOP.”



Punto 11.- Expediente de modificación da Ordenanza Fiscal nº 31, reguladora da taxa por estacionamento de vehículos de tracción mecánica nas vías públicas municipais e de regulación e control do estacionamento. Resolución das alegacións presentadas e aprobación definitiva, se procede, da mesma

Debatido o asunto conxuntamente co resto das ordenanzas e impostos a modificar, pásase directamente á votación do asunto.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 20 de decembro de 2024, acadándose o resultado de **trece (13) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”); **unha (01) abstención** (unha (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **sete (07) votos en contra** (cinco (05) do grupo municipal “Popular” e dous (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Tendo en conta o artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais é á vista do informe emitido polo TAE Inspección Tributaria de data 16 de decembro do 2024 en relación ás alegacións presentadas por D. Jesús Fernández Díez, en nome de Dona M. Carmen Acuña Docampo, en calidade de Portavoz do Grupo Municipal Socialista de Oleiros, a medio de escrito rexistro de entrada número 2024025458 e as presentadas por D. Jaime Castor Núñez Cartelle, con DNI 32838652B, en representación do Partido Popular de Oleiros, a medio de escrito rexistro de entrada número 2024026478 de data 13 de decembro do 2024, de data 30 de novembro do 2024, contra a aprobación inicial da modificación das Ordenanzas fiscais 1, 2, 3, 6, 10, 11, 12, 15, 27 e 31, aprobadas polo Pleno do Concello en data 24 de outubro do 2024, proponse ao Concello Pleno, adopción de acordo de:

Primeiro.- Desestimación das alegacións presentadas por D. Jesús Fernández Díez, en nome de Dona M. Carmen Acuña Docampo, en calidade de Portavoz do Grupo Municipal Socialista de Oleiros, a medio de escrito rexistro de entrada número 2024025458, de data 30 de novembro do 2024, contra a aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal nº 31, reguladora da Taxa por estacionamento de vehículos de tracción mecánica nas vías públicas municipais e de regulación e control do estacionamento, por canto na tramitación da mesma se aplicou a lexislación en vigor (artigo 25 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigo 20 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación de la economía española e RD 55/2017, de 3 de febreiro).

Segundo.- Desestimación das alegacións presentadas por D. Jaime Castor Núñez Cartelle, con DNI 32838652B, en representación do Partido Popular de Oleiros, a medio de escrito rexistro de entrada número 2024026478 de data 13 de decembro do 2024 contra a aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal nº 31, reguladora da Taxa por estacionamento de vehículos de tracción mecánica nas vías públicas municipais e de regulación e control do estacionamento, por canto na tramitación da mesma se aplicou a lexislación en vigor (artigo 25 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigo 20 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación de la economía española e RD 55/2017, de 3 de febreiro).

Terceiro.- Aprobar definitivamente a modificación da Ordenanza Fiscal nº 31, reguladora da Taxa por estacionamento de vehículos de tracción mecánica nas vías públicas municipais e de regulación e control do estacionamento, incrementándose as tarifas reguladas no artigo 5.

Tras esta modificación o texto do artigo 5 da Ordenanza Fiscal nº 31, reguladora da Taxa por estacionamento de vehículos de tracción mecánica nas vías públicas municipais e de regulación e control do estacionamento do xeito seguinte:

“**Artigo 5.** Cota tributaria:





CONCELLO DE
OLEIROS

As tarifas da taxa serán as seguintes:

1 hora	0,70 €
2 horas	1,50 €
3 horas.....	2,50 €
4 horas.....	3,50 €
1 día (máximo)	5,50 €.

Tarifa postpagable, por detención do proceso sancionador iniciado por exceder o tempo de estacionamento aboadado, antes de transcorrido o prazo dunha hora: 3,00 €.

Tarifa postpagable, por detención do proceso sancionador iniciado por non ter ticket e anular dentro do mesmo día: 8,00 €."

Cuarto.- Publicar o acordo aprobatorio definitivo xunto co texto íntegro do artigo modificado da Ordenanza no Boletín Oficial de la Provincia.

Quinto.- Contra a aprobación definitiva poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo durante o prazo de dous meses, contados a partir da publicación do anuncio no BOP."

Punto 12.- Expediente de modificación do Regulamento de Subministración domiciliar de auga potable do Concello de Oleiros. Resolución das alegacións presentadas e aprobación definitiva, se procede, do mesmo

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de "Alternativa dos Veciños", D^a **M^a José Varela**, sinalando que mediante escrito presentado polo grupo municipal "Socialista" no que se alega á aprobación inicial do acordo da modificación do regulamento de subministración domiciliar de auga do Concello de Oleiros, publicado no BOP de 30 de outubro, despois das consideracións que estimou convintes, baseadas principalmente nos aspectos de perdas de auga da rede de abastecemento, conclúe e alega contra a súa aprobación en canto ó artigo 71, de redución de avarías fortuítas e ó artigo 80, de infraccións, por entender que non proceden ata que polo Concello se reduza estas perdas de auga non rexistradas.

A isto, débese dicir que o art. 71 do regulamento obedece a razón de boa técnica lexislativa para residenciar exclusivamente na ordenanza fiscal a forma de reducir o importe da factura para o caso avarías e non no propio Regulamento. En todo caso, se trataría dunha redución da factura do consumo de auga cando se deba a avarías nas instalacións interiores, non imputables ó usuario. A non previsión desta redución, como parece proponer a alegación, conelvaría a un maior custe para o propio usuario porque debería facer fonte ó pago de toda a auga consumida, incluso aínda que se tratase dunha avaría da súa rede interna.

Por outra banda, non se atopa no escrito de alegacións unha motivación concreta contra a modificación do art. 80 relativo ás infraccións, parecendo reclamar sancións ós responsables da xestión da auga polas perdas da rede Xeral de subministración da mesma.

En todo caso, o obxecto deste regulamento de subministración de auga do Concello de Oleiros representa o establecemento do réxime xurídico e das condicións da prestación do servizo en relación cos usuarios e usuarias. As alegacións expostas refírense á xestión do servizo polo concello, non ás relacións cos usuarios, polo que non





CONCELLO DE
OLEIROS

proceden neste contexto. As críticas ó funcionamento do servizo da auga, a xestión de perdas, os consumos non rexistrados ou a responsabilidade destes temas deben ser obxecto de debate noutras instancias e non nunhas alegacións a un regulamento de servizos.

Por todo isto, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación vixente e aplicable, procedendo logo a súa aprobación por este plenario, así cómpre desestimar as alegacións presentadas por D. Jesús Fernández na representación do grupo municipal “Socialista” en base ós informes emitidos polos servizos técnicos municipais de 11 de decembro de 2024, do que se remitirá copia ós interesados xunto coa notificación do acordo a adoptar e, finalmente, aprobar con carácter definitivo a redacción final da modificación do regulamento de subministración domiciliaria de auga potable do Concello de Oleiros.

Intervén o concelleiro do grupo “Popular”, D. **Jaime Núñez**, dicindo que como xa expuxeron nas alegacións presentadas polo seu grupo parécelle un desastre que o concello teña que suportar unha perda descomunal e incontrolada de auga na rede xeral, calcúlase por riba do 30% o que representa unha perda duns 360.000 € en gasto de auga anuais.

En vez de empregar esta cantidade en arranxar a rede xeral, viñeron detraendo do orzamento municipal estas cantidades para poder ter un superávit e logo adicalo á construción do auditorio, ó estar aforrando e non gastar no arranxo, por exemplo, da rede xeral de auga que é un asunto recurrentemente demandado polos grupos políticos da oposición pleno tras pleno, ou como pode ser tamén deficiencias e falla no alumeadado público, na rede de sumidoiros, falla da rede de sumidoiros en moitos lugares, falla de beirarrúas, etc., etc., etc.

Coa subida do prezo da auga o que se pretende é cubrir a perda que actualmente ten AQUAOLEIROS pola nefasta xestión que se viu realizando e non investir o gasto necesario para dotar á rede xeral das infraestruturas axeitadas, o peor non é a propia subida ós usuarios produto máis que nada da ineptitude na xestión, o peor é que ó non facer un investimento serio e renovar a rede xeral iránse cubrindo con parches segundo vaia reventando polo que a situación persistirá ano tras ano.

Intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. Jesús Fernández, e quere iniciar a súa intervención facendo un pequeno matiz ó dito sobre a petición á secretaria municipal da emisión dun informe, dado que son membros corporativos, en canto á natureza xurídica dos puntos que son obxecto de debate e acordo neste plenario e que poidan ser retirados ata que esa información sobre o seu marco legal sexa axeitado ou non.

En canto ó tema da aprobación da modificación do regulamento da auga, o seu grupo presentou unha alegación exixindo que non se modifiquen os cadros de sancións aplicables á veciñanza para o caso de que teñan unha fuga fortuíta de auga nas instalacións particulares das súas vivendas mentres a rede municipal de auga de Oleiros non cumpra coa normativa autonómica de fugas, algo que encaixa no que sería comprensible para calquer veciño, porque non pode ser que se sancione á veciñanza cando o Concello é o gran incumpridor no caso de fugas neste termo municipal.





CONCELLO DE
OLEIROS

O seu grupo ven insistindo desde hai meses na necesidade de investir na rede de auga, que teñen un nivel de perdas ou consumos non rexistrados dun 32% segundo as actas da entidade AQUAOLEIROS, o que é intolerable. Por certo, un dos máximos representantes de AQUAOLEIROS é o concelleiro de obras públicas presente hoxe neste pleno, responsable tamén de que se perderan 2 millóns de euros de axuda para a realización da obra da senda de Iñás a Nós, responsable ademáis do sobrecoste de máis de 2 millóns de euros da obra do multiusos e aí segue facéndose o despistado.

Este dato de perda dun 32% xa viña sinalado no estudio técnico-económico emitido sobre a xestión da auga encargado a unha enxeñeira no 2021 como paso previo á creación da empresa AQUAOLEIROS, afirmando nese intre que os volumes de auga non rexistrados que rondan o 40% dos volumes que entran na rede de abastecemento, dicía a citada técnico que ou se melloraba a rede evitando fugas ou habería que incrementar o custo a cobrar á veciñanza, antes da creación desta empresa unha enxeñeira xa lles dixo que había que mellorar a rede ou se non, íase que ter que repercutir á veciñanza e non se fixo absolutamente nada, cando o xerente anterior dicíao nas diferentes reunión e recollido nas actas, non se lle fixo caso ningún.

O anterior xerente lles dixo que non chegaba con instalar contadores, que había que sectorizar a rede como se fai en calquer concello decente, porque se está ante unha situación excepcional da rede de auga e xa é a segunda vez que impide o goberno municipal tratar unha moción presentada polo seu grupo exixindo o arranxo urxente da rede de abastecemento de auga e de saneamento, eliminando os materiais canceríxenos, pero é mellor ir ós programas de pago presumindo da xestión en Oleiros en vez de poñerse mans á obra para subsanar esta cuestión que é de suma importancia para a veciñanza.

Actualmente do 1.250.000 € que custa a auga que se lle merca a EMALCSA o Concello está a perder 1/3, uns 400.000 €, o que é inadmisíble desde o punto de vista económico e de sustentabilidade e por riba, estas perdas son superiores ó 20% establecido na Lei 9/2010, de Augas de Galicia, e como ben ten advertido o interventor municipal pode chegar a supoñer unha sanción de arredor duns 300.000 € que, dun plumazo descapitalice a recién creada AQUAOLEIROS e aquí seguen sen tomar cartas no asunto.

Por todo isto non consideran xusto, nin axeitado, que se lle grabe á veciñanza por fugas na rede de auga mentres o gran derrochador de auga é o propio concello, polo que presentaron alegacións ós arts. 79 e 80 os adicados ás avarías fortuítas e o referido ás infaccións e sancións, porque a pregunta que se fan é ¿Quen sanciona ós responsables municipais polas fugas provocadas por non investir na mellora da rede de saneamento? ¿Quen? Ninguén, polo que considera que non é xusto cobrarlle á veciñanza penalizacións que ninguén do goberno municipal asume por situación de maior gravidade polo que urxe, primeiro, predicar co exemplo para non perder a credibilidade da institución polo camiño, Oleiros hai tempo que deixou de estar ben xestionado.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, dicindo que lles gustaría saber a resposta do concello ante esa alarmante perda de auga de máis dun terzo que remata de comentar os compañeiros antes intervintes ¿Que se está a facer? ¿Por que se produce? E ¿Cando se vai resolver a situación?.





CONCELLO DE
OLEIROS

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que en canto ás perdas incontroladas de auga, ten que dicir que non se axusta á realidade porque o concello conta cunha gran cantidade de instalacións públicas, con máis de cen edificios públicos, un millón catrocentos mil metros cadrados de parques municipais, as duchas das praias e esas instalacións non contan con contadores, polo que non é real ese 32% de auga que non se controla.

Na actualidade se están a instalar contadores para ter coñecemento do gasto que se realiza en todas estas instalacións de titularidade municipal e claro que teñen que existir avarías, un municipio como Oleiros que é o único de toda a comarca que leva a auga potable a tódolos lugares e parroquias, agás ás vivendas que estean no medio do monte, ten que haber avarías e roturas da rede nun concello con 42 quilómetros cadrados de territorio. O Concello de Oleiros é o único da comarca e, incluso, de Galicia que conta con 11 depósitos de auga ós que indudablemente hai que levar a auga, polo que existen grandes redes xerais e logo de distribución, polo que este investimento anualmente ten un custe dun millón de euros aproximadamente e houbo anos de dous millóns, e esa é a realidade, ademais dos trescentos e pico quilómetros de rede de abastecemento de auga potable.

Tamén quere aclararlles que Oleiros está a cobrar a auga á veciñanza máis barata que a venda EMALCSA ó concello, polo que non ten sentido ningún polo que houbo que subir o prezo para cobrar igual que nola cobra EMALCSA, polo que entende que esta subida está máis que xustificada.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 20 de decembro de 2024, acadándose o resultado de **trece (13) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”); **unha (01) abstención** (unha (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **sete (07) votos en contra** (cinco (05) do grupo municipal “Popular”); dous (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Visto informe xurídico emitido o día 16 de decembro do 2024 pola secretaria accidental do concello, que se transcribe:

“M^a PILAR CELA ALVAREZ, Secretaria Accidental do Concello en relación co expediente da modificación do Regulamento de subministración domiciliar de auga potable do Concello de Oleiros, aprobación definitiva; emito o seguinte informe-proposta de resolución, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, con base nos seguintes,

INFORME XURÍDICO

Obxecto.-

Proposta ao Pleno do Concello de resolución de alegacións presentadas e aprobación definitiva da modificación do Regulamento de subministración domiciliar de auga potable do Concello de Oleiros.

Lexislación aplicable:

A Lexislación aplicable é a seguinte:

— Os artigos 4, 22.2.d), 25, 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Os artigos 128 ao 131 e 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



CONCELLO DE OLEIROS

- O artigo 56 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril.
- O artigo 26 da Lei 50/1997, de 27 de novembro, do Goberno [en todo aquilo que sexa adaptable á Administración Local].
- O artigo 7.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Antecedentes de feito.-

No BOP nº 31 de 14 de febreiro do 2017 publicouse a aprobación definitiva do texto íntegro do Regulamento de subministración domiciliar de auga potable do Concello de Oleiros.

No BOP nº 237 de 16 de decembro do 2022 publicouse a aprobación definitiva dunha modificación do Regulamento de subministración domiciliar de auga potable do Concello de Oleiros.

No Pleno do Concello en sesión extraordinaria celebrada o 24 de outubro do 2024, aprobouse inicialmente unha modificación do Regulamento de subministración domiciliar de auga potable do Concello de Oleiros.

Publicouse a aprobación inicial da modificación un Anuncio de inicio do prazo de exposición pública no BOP nº 210 de data 30 de outubro do 2024.

De conformidade ao informe emitido o día 16 de decembro do 2024, a modificación estivo exposta desde o 31 de outubro ata o 13 de decembro do 2024 e nese prazo presentouse unha alegación polo Grupo Municipal Socialista.

Con data 11 de decembro do 2024, infórmase a alegación presentada polos Servizos Técnicos, que se transcribe:

“Antecedentes

Mediante escrito do 30 de novembro de 2024 presentouse pola portavoz do grupo municipal do PSOE de Oleiros escrito de alegacións á aprobación inicial do acordo “Modificación do regulamento de subministración domiciliar de auga do Concello de Oleiros”, publicado no BOP de 30 de outubro.

Despois das consideracións que estimou convenientes, baseadas principalmente nos perdas de auga da rede de abastecemento, conclúe e alega contra aprobación das modificacións dos artigos 71 *Redución de avarías fortuitas* e 80 *infraccións*, do regulamento, por entender que non proceden ata que o Concello reduza as perdas de auga non rexistradas.

Consideracións.

Primeira. Artigos controvertidos pola alegación:

Artigo 71 - Reducións por avarías fortuitas.

Elimínase do Regulamento a forma de reducir o importe da factura no caso de avarías para o seu desenvolvemento na Ordenanza Fiscal.

A nova redacción sería:

Artigo 71 - Reducións por avarías fortuitas.

1.- No caso de constatare a existencia de avarías ocultas nas instalacións interiores non imputables ao usuario que desvirtúen o volume de consumos habituais deste, a entidade subministradora poderá aplicar unha redución na factura coa solicitude previa do/a abonado/as.

A súa conta e a súa devindicación establecerase na Ordenanza Fiscal.

2.- A Entidade Subministradora deberá comprobar a veracidade dos feitos, ben facendo unha comprobación “in situ” ou solicitando as probas que se estimen oportunas ao abonado, tal como fotos, informe técnico ou factura da reparación. Non se modificará ningunha factura por este motivo mentres non sexa reparada a avaría que provocou a perda de caudais.

3.- A reiteración de avarías dunha mesma instalación nun curto espazo de tempo, será motivo suficiente para que a entidade subministradora non revise os consumos por este motivo, entendendo que existe deixamento no correcto mantemento da instalación.

Artigo 80.- Infraccións





CONCELLO DE OLEIROS

Engádense algúns supostos de infraccións que non se reflexaron na redacción orixinal do Regulamento que se observaron neste período de aplicación da norma.

A nova redacción sería:

Artigo 80.- Infraccións

1.- Na prestación do servizo de auga potable as infraccións cometidas polos/as abonados/as ou terceiros/as clasifícanse en “leves” “graves” ou “moi graves”:

Infraccións “leves”:

- a) Non comunicar ao servizo calquera modificación nas características do contrato.
- b) Mesturar auga do servizo coas procedentes doutros aproveitamentos ou usos.
- c) Negarse os/as propietarios/as dos inmobles para realizar as correccións nas redes interiores que se sinalen polo servizo.
- d) Impedir aos/as funcionarios/as do servizo, debidamente identificados, a entrada nos domicilios ou locais en horas diúrnas para a lectura dos contadores ou inspección das instalacións.
- e) Deixamento na reparación das fugas existentes nas instalacións interiores.

Infraccións “graves”:

- a) Romper os precintos do equipo de contador.
- b) Conducir en parte ou na súa totalidade a auga a distinto lugar daquel ao que está destinada.
- c) Fornecer auga a vivendas que carezan do Servizo aínda que non constituía revenda.
- d) Abrir ou pechar a chave de acometida da rede por persoas alleas ao servizo.
- e) Obstaculizar ao persoal do servizo no cumprimento das súas funcións.
- f) Empregar a auga para rega ou enchidos de piscinas cando por razóns de seca ou de consumo se prohiba expresamente.
- g) O emprego por parte de persoas ou empresas non autorizadas, das bocas de rega e das tomas de incendios situadas nas rúas.
- h) Realizar consumos carecendo de contrato de subministro, aínda que éstos queden rexistrados no contador, sen coñecemento previo da entidade subministradora.

Infraccións “moi graves”:

- a) Cometer calquera acto que dane as tubaxes, equipos ou instalacións do sistema de auga potable.
- b) Calquera acción na rede de subministración que poida supoñer un risco de contaminación da auga.
- c) Conectar equipos de bombeo ou mecanismos que succionan auga directamente das redes de subministración ou desde as conexións domiciliadas.
- d) Realizar acometidas ou conexións sen autorización da entidade subministradora.
- e) A revenda da auga.
- f) A manipulación, alteración ou substitución non autorizada do contador.
- g) As derivacións de caudal de calquera tipo antes do equipo de medida.
- h) Conectarse directamente ao servizo sen contador, independentemente da existencia ou non de contrato e subministro.

Segunda. Sobre os motivos das modificacións e das alegacións.

A modificacións do artigo 71 do Regulamento obedece a razóns de boa técnica legislativa, para residenciar exclusivamente na ordenanza fiscal a forma de reducir o importe da factura no caso de avarías, e non no Regulamento. En todo o caso, estase aquí a tratar unha redución da factura do consumo da auga cando se deba a avarías nas instalacións interiores, non imputables ao usuario. A non previsión desta redución, como parece



CONCELLO DE OLEIROS

propoñer a alegación, supoñería un maior coste para o usuario que debería pagar toda a auga consumida, incluso se debérase á provocada por avarías da súa rede interna.

Por outra banda, non encóntrase no escrito de alegacións unha motivación concreta contra a modificación do artigo 80 relativo as infraccións, parecendo reclamar sancións aos responsables da xestión da auga polas perdas da rede xeral de subministración da auga.

En todo o caso, o obxecto do Regulamento de subministración de auga do Concello de Oleiros é o establecemento do réxime xurídico e das condicións da prestación do servizo en relación cos usuarios. As alegacións expostas refírense a xestión do servizo polo concello, non as relacións cos usuarios, polo que non proceden neste contexto. As críticas ao funcionamento do servizo da auga, a xestión das perdas, os consumos non rexistrados, a responsabilidade por estes temas son obxecto de debate en outras instancias, como o control da acción de goberno nas sesións plenarias, e non das alegacións a un regulamento de servizos.”

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo Pleno de conformidade cos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Por iso, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución:

INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Desestimar a alegación presentada durante o período de exposición do Regulamento:

Rexistro de Entrada: 2024025457

Data: 30-11-2024

Presenta: D. Jesús Fernández Díez, en representación do Grupo Municipal Socialista.

Polos motivos expresados no informe dos Servizos Técnicos de data 11 de decembro do 2024, do que se remitirá copia aos interesados xunto coa notificación do presente acordo.

SEGUNDO.- Aprobar expresamente, con carácter definitivo, a redacción final da modificación do texto do Regulamento de subministración domiciliar de auga potable do Concello de Oleiros, unha vez resoltas as reclamacións presentadas coa redacción que a continuación se recolle:

“MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE SUBMINISTRACIÓN DOMICILIARIA DE AUGA POTABLE DO CONCELLO DE OLEIROS.

Os artigos modificados son os seguintes:

Artigo 29.- Acometidas para os servizos contraincendios.

Artigo 35.- Características e requisitos técnicos dos contadores.

Artigo 47.- Renovación periódica do contador.

Artigo 61.- Tipos de subministración.

Artigo 62.- Duración do contrato.

Artigo 70.- Determinación dos consumos a facturar.

Artigo 71.- Redución de avarías fortuítas.

Artigo 80.- Infraccións.

Artigo 29 - Acometidas para servizos contraincendios -contratación das tomas.

1.- A execución de acometidas para alimentación de sistemas contraincendios realizaranse nas condicións previstas na normativa técnica que resulte de aplicación.

2.- As acometidas de alimentación de sistemas contraincendios efectuaranse sobre a rede xeral e independentemente de calquera outro uso.





3.- Non se poderán realizar derivacións en ningún punto da instalación para outros usos diferentes ao de incendio, sen a autorización expresa da entidade subministradora.

4.- Cando a normativa de incendios esixa unha presión que non poida ser garantida pola entidade subministradora é responsabilidade do/a abonado/a instalar e manter o equipo que lle permita cumprir coa normativa

5.- Estas subministracións unicamente poderán utilizarse polo/a abonado/a en caso de incendio ou sinistro que o xustifiquen. A utilización destas subministracións en probas periódicas da instalación soamente poderá realizarse contando coa autorización da entidade subministradora, e iso, nas horas e condicións fixadas por éste.

6.- A conexión á rede pública da subministración contraincendios requirirá a formalización do correspondente contrato de subministración coa entidade subministradora, e terán a mesma tramitación e carácter que o resto dos contratos estando suxeitos ás mesmas condicións regulamentarias.

Artigo 35.- Características e requisitos técnicos dos contadores

As características e requisitos técnicos esixidos para a instalación dos contadores serán as seguintes:

1.- Erros máximos permitidos adecuados á normativa comunitaria.

En condicións nominais de funcionamento e na ausencia de perturbacións, o erro de medición non debe exceder o valor do erro máximo permitido, tal como se indica a continuación.

O erro máximo permitido, positivo ou negativo, sobre os volumes fornecidos baixo caudais comprendidos entre o caudal de transición (Q2) (inclusive) e o caudal de sobrecarga (Q4) é:

2% para auga cunha temperatura = 30 °C, 3% para auga cunha temperatura > 30 °C.

O erro máximo permitido, positivo ou negativo, sobre os volumes fornecidos baixo caudais comprendidos entre o caudal mínimo (Q1) e o caudal de auga de transición (Q2) (excluído) é do 5% independentemente da temperatura da auga.

2.- Definicións e terminoloxía

a) Volume fornecido “V”: É o volume total de auga que atravesa polo contador polo tempo de paso do devandito volume, expresado este último en metros cúbicos ou litros, e o tempo, en horas, minutos ou segundos.

b) Caudal de auga mínima (Q1): É o caudal de auga máis pequeno co que o contador de auga fornece.

c) Caudal de auga de transición (Q2): O caudal de auga de transición é o valor do caudal de auga que se sitúa entre o caudal de auga mínima e o permanente e no que o intervalo de caudal de auga se divide en dúas zonas, a «zona superior» e a «zona inferior». A cada zona corresponde un erro máximo permitido característico.

d) Caudal de auga permanente (Q3): É o caudal de auga máis elevado co que pode funcionar o contador de auga de forma satisfactoria en condicións de uso normal, é dicir, baixo condicións de fluxo estacionario ou intermitente.

e) Caudal de auga de sobrecarga (Q4): O caudal de auga de sobrecarga é o caudal máis alto co que pode funcionar o contador de forma satisfactoria durante un período curto de tempo sen sufrir deterioración.

3.- As capacidades metrolóxicas mínimas dos contadores serán:

a) Cando se trate de vivendas unifamiliares, locais comerciais, industrias, instalacións deportivas, piscinas ou xardíns comunitarios, esixiranse contadores que deberán presentar un Cociente “R” igual ou superior a 200, sendo R o cociente entre o caudal de auga permanente “Q3” e o caudal de auga mínima “Q1” tal e como queda definido neste regulamento. Asimilaranse a estes os clasificados coma Clase Metrolóxica ‘C’ de acordo á Directiva 75/33/CEE e normativa concordante.

Para o resto diámetros superiores a 40mm esixírase contadores de tipo woltman, que deberán presentar un Cociente “R” igual ou superior a 160, Clase Metrolóxica ‘B’ de acordo á Directiva 75/33/CEE e normativa concordante.

b) Cando se trate de vivendas plurifamiliares dotadas de batería hidráulica, instalaranse contadores de tipo “chorro único” independentemente do seu calibre, deberán presentar un Cociente “R” igual ou superior a 160, Clase metrolóxica ‘B’ de acordo á Directiva 75/33/CEE e normativa concordante.

c) Os contadores destinados para instalacións contra incendios serán de tipo non intrusivo.



d) *En supostos excepcionais e sempre que así o estime a entidade subministradora instalaranse contadores de prestacións metrolóxicas inferiores ás descritas nos parágrafos anteriores.*

4.- *O contador será plenamente compatible para integrarse no sistema de lectura a distancia que adoptase a entidade subministradora na localización do uso servido.*

Artigo 47 - Renovación periódica do contador

1.- *Ningún contador poderá permanecer ininterrompidamente instalado por un espazo superior a doce anos. Transcorrido este tempo deberá ser substituído.*

2.- *Cando o equipo de medida teña que ser verificado por deficiencias no seu funcionamento, a entidade subministradora proverá o/a abonado/a doutro equipo en substitución do inicial.*

Artigo 61 - Tipos de subministración

En función do uso ao que estea destinado, a subministración se tipifica en:

1.- *Subministracións para usos domésticos, considerándose como tales aqueles que se realicen en vivendas sempre que nestas non leve a cabo actividade industrial, comercial ou profesional de ningún tipo. Inclúense os establecementos benéficos e as instalacións centralizadas de auga quente doméstica.*

2.- *Subministracións para usos non domésticos, serán os consumos non incluídos no punto anterior que en xeral poden estar divididos en:*

a) *Subministracións para dependencias e instalacións deportivas municipais e/ou aquelas outras subministracións con cargo íntegro ao orzamento municipal.*

b) *Subministracións para industrias, establecementos comerciais e de servizos, actividades agrícolas, dependencias forais, da comunidade autónoma e da Administración do Estado, organismos autónomos, bocas de redes contraincendios e calquera outra subministración non incluída nos distintos epígrafes do presente artigo.*

3.- *Subministracións para obras, terán análogo tratamento que as subministracións permanentes, aínda que, estarán supeditados á baixa do contrato, por parte do petionario e se fose necesario á anulación final do punto de toma.*

4.- *Subministracións para protección contraincendios, que abastecen as bocas e tomas de incendios dos edificios.*

Artigo 62 - Duración do contrato.

1.- *A contratación do servizo subscribírase por tempo indefinido coas excepcións recollidas no punto 3 deste artigo. Con todo, o/a usuario/a poderá instar a súa extinción en calquera momento, sempre que o solicite efectuando a correspondente liquidación dos conceptos pendentes ata a data da solicitude.*

2.- *Os contratos de obra subscritos para a construción de vivendas unifamiliares pasarán a ter carácter indefinido e tarifa de "uso doméstico", unha vez estean rematadas as obras e obtivesen a preceptiva licenza de primeira ocupación. O promotor da vivenda está obrigado a achegar este documento a entidade subministradora independentemente de que o Concello de Oleiros notifique a dita entidade esta circunstancia, podendo ésta realizar o cambio de oficio.*

3.- *As subministracións para espectáculos temporais en locais móbiles e en xeral, para actividades esporádicas, terán carácter temporal e estarán vinculados á autorización, concesión ou permiso municipal.*

Artigo 70 - Determinación dos consumos a facturar.

A cuantificación do volume de auga consumida determinarase polos seguintes procedementos:

a) *Por diferenza de índices entre dúas lecturas consecutivas.*

b) *Por estimación de consumos:*

1. *No caso de contadores avariados facturarase atendendo ás seguintes circunstancias: Se existen antecedentes de consumo superiores a un ano, facturarase igual cantidade do mesmo período do ano anterior no que exista rexistro. Se fosen inferiores ao ano, calcularíase a media aritmética dos coñecidos. Se non existisen antecedentes ou os que se tivesen non reflectisen con exactitude os consumos reais por non ter detectada a avaría do contador con anterioridade, instalarase un novo contador, e unha vez transcorridos un mínimo de quince días ratearase a súa lectura.*



2. No caso de non poder realizarse lectura por causas alleas á entidade subministradora, o consumo a facturar será cero, cobrándose unicamente a cota de dispoñibilidade que se recolla na Ordenanza Fiscal, sumándose o consumo para o primeiro período en que exista lectura real. Correrán por conta dos abonados os incrementos do recibo acontecidos como consecuencia da acumulación de maior volume nos tramos de tarifa máis elevada.

Artigo 71 - Reducións por avarías fortuítas.

1.- No caso de constatare a existencia de avarías ocultas nas instalacións interiores non imputables ao usuario que desvirtúen o volume de consumos habituais deste, a entidade subministradora poderá aplicar unha redución na factura coa solicitude previa do/a abonado/as. A súa contía e a súa devindicación establecerase na Ordenanza Fiscal.

2.- A Entidade Subministradora deberá comprobar a veracidade dos feitos, ben facendo unha comprobación “in situ” ou solicitando as probas que se estimen oportunas ao abonado, tal como fotos, informe técnico ou factura da reparación. Non se modificará ningunha factura por este motivo mentres non sexa reparada a avaría que provocou a perda de caudais.

3.- A reiteración de avarías dunha mesma instalación nun curto espazo de tempo, será motivo suficiente para que a entidade subministradora non revise os consumos por este motivo, entendendo que existe deixamento no correcto mantemento da instalación.

Artigo 80.- Infraccións

1.- Na prestación do servizo de auga potable as infraccións cometidas polos/as abonados/as ou terceiros/as clasifícanse en “leves” “graves” ou “moi graves”:

Infraccións “graves”:

- a) Non comunicar ao servizo calquera modificación nas características do contrato.
- b) Mesturar auga do servizo coas procedentes doutros aproveitamentos ou usos.
- c) Negarse os/as propietarios/as dos inmobles para realizar as correccións nas redes interiores que se sinalen polo servizo.
- d) Impedir aos/as funcionarios/as do servizo, debidamente identificados, a entrada nos domicilios ou locais en horas diúrnas para a lectura dos contadores ou inspección das instalacións.
- e) Deixamento na reparación das fugas existentes nas instalacións interiores.

Infraccións “graves”:

- a) Romper os precintos do equipo de contador.
- b) Conducir en parte ou na súa totalidade a auga a distinto lugar daquel ao que está destinada.
- c) Fornecer auga a vivendas que carezan do Servizo aínda que non constituía revenda.
- d) Abrir ou pechar a chave de acometida da rede por persoas alleas ao servizo.
- e) Obstaculizar ao persoal do servizo no cumprimento das súas funcións.
- f) Empregar a auga para rega ou enchidos de piscinas cando por razóns de seca ou de consumo se prohiba expresamente.
- g) O emprego por parte de persoas ou empresas non autorizadas, das bocas de rega e das tomas de incendios situadas nas rúas.
- h) Realizar consumos carecendo de contrato de subministro, aínda que estes queden rexistrados no contador, sen coñecemento previo da entidade subministradora.

Infraccións “moi graves”:

- a) Cometer calquera acto que dane as tubaxes, equipos ou instalacións do sistema de auga potable.
- b) Calquera acción na rede de subministración que poida supoñer un risco de contaminación da auga.
- c) Conectar equipos de bombeo ou mecanismos que succionan auga directamente das redes de subministración





CONCELLO DE
OLEIROS

ou desde as conexións domiciliadas.

- d) *Realizar acometidas ou conexións sen autorización da entidade subministradora.*
- e) *A revenda da auga.*
- f) *A manipulación, alteración ou substitución non autorizada do contador.*
- g) *As derivacións de caudal de calquera tipo antes do equipo de medida.*
- h) *Conectarse directamente ao servizo sen contador, independentemente da existencia ou non de contrato e subministro.”*

TERCEIRO.- Notificar o presente Acordo aos interesados que presentaron alegacións durante a información pública.

CUARTO.- Publicar o devandito Acordo definitivo co texto íntegro da modificación do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, entrando en vigor segundo o previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello <https://sede.oleiros.org/>

QUINTO.- Remitir á Administración do Estado e ao Departamento correspondente da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de quince días desde a aprobación, copia do Acordo definitivo de aprobación e copia íntegra do texto da Ordenanza, así como copia íntegra autenticada da mesma.

SEXTO.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente, para subscribir e asinar toda clase de documentos e en xeral para todo o relacionado con este asunto.

SÉTIMO.- Contra este acordo, por ser un acto que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano administrativo que a dita no prazo DUN MES que comezará a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Tamen poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo da cidade da Coruña, no prazo de DOUS MESES que comezarán a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/98 de 13 de xullo da xurisdición contencioso-administrativa.

Todo isto sen perxuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da antedita Lei 39/2015 de 1 de outubro, LPACAP de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueles outros que estime procedentes.

Se o Ditame que a Comisión eleve ao Pleno coincide coa anterior proposta, a que subscribe informa, en cumprimento do artigo 54 do Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que o devandito Ditame se adecuará á Lexislación aplicable.

Informe que emite a Secretaría accidental sen prexuízo de calquera outro mellor fundado en dereito.

Documento asinado dixitalmente na data da súa sinatura dixital”

Tendo en conta os informes emitidos polos Técnicos de Servizos e a Secretaría Accidental, **PROPONSE AO PLENO DO CONCELLO** que adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Desestimar a alegación presentada durante o período de exposición do Regulamento:

Registro de Entrada: 2024025457

Data: 30-11-2024

Presenta: D. Jesús Fernández Díez, en representación do Grupo Municipal Socialista.

Polos motivos expresados no informe dos Servizos Técnicos de data 11 de decembro do 2024, do que se remitirá copia aos interesados xunto coa notificación do presente acordo.

SEGUNDO.- Aprobar expresamente, con carácter definitivo, a redacción final da modificación do texto do Regulamento de subministración domiciliar de auga potable do Concello de Oleiros, unha vez resoltas as reclamacións presentadas coa redacción que a continuación se recolle:



“MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE SUBMINISTRACIÓN DOMICILIARIA DE AUGA POTABLE DO CONCELLO DE OLEIROS.

Os artigos modificados son os seguintes:

Artigo 29.- Acometidas para os servizos contraincendios.

Artigo 35.- Características e requisitos técnicos dos contadores.

Artigo 47.- Renovación periódica do contador.

Artigo 61.- Tipos de subministración.

Artigo 62.- Duración do contrato.

Artigo 70.- Determinación dos consumos a facturar.

Artigo 71.- Redución de avarías fortuítas.

Artigo 80.- Infraccións.

Artigo 29 - Acometidas para servizos contraincendios -contratación das tomas.

- 1.- A execución de acometidas para alimentación de sistemas contraincendios realizaranse nas condicións previstas na normativa técnica que resulte de aplicación.
- 2.- As acometidas de alimentación de sistemas contraincendios efectuaranse sobre a rede xeral e independentemente de calquera outro uso.
- 3.- Non se poderán realizar derivacións en ningún punto da instalación para outros usos diferentes ao de incendio, sen a autorización expresa da entidade subministradora.
- 4.- Cando a normativa de incendios esixa unha presión que non poida ser garantida pola entidade subministradora é responsabilidade do/a abonado/a instalar e manter o equipo que lle permita cumprir coa normativa
- 5.- Estas subministracións unicamente poderán utilizarse polo/a abonado/a en caso de incendio ou sinistro que o xustifiquen. A utilización destas subministracións en probas periódicas da instalación soamente poderá realizarse contando coa autorización da entidade subministradora, e iso, nas horas e condicións fixadas por éste.
- 6.- A conexión á rede pública da subministración contraincendios requirirá a formalización do correspondente contrato de subministración coa entidade subministradora, e terán a mesma tramitación e carácter que o resto dos contratos estando suxeitos ás mesmas condicións regulamentarias.

Artigo 35 - Características e requisitos técnicos dos contadores

As características e requisitos técnicos esixidos para a instalación dos contadores serán as seguintes:

- 1.- Erros máximos permitidos adecuadas á normativa comunitaria.

En condicións nominais de funcionamento e na ausencia de perturbacións, o erro de medición non debe exceder o valor do erro máximo permitido, tal como se indica a continuación.

O erro máximo permitido, positivo ou negativo, sobre os volumes fornecidos baixo caudais comprendidos entre o caudal de transición (Q2) (inclusive) e o caudal de sobrecarga (Q4) é:

2% para auga cunha temperatura = 30 °C, 3% para auga cunha temperatura > 30 °C.

O erro máximo permitido, positivo ou negativo, sobre os volumes fornecidos baixo caudais comprendidos entre o caudal mínimo (Q1) e o caudal de auga de transición (Q2) (excluído) é do 5% independentemente da temperatura da auga.

- 2.- Definicións e terminoloxía

f) Volume fornecido “V”: É o volume total de auga que atravesa polo contador polo tempo de paso do devandito volume, expresado este último en metros cúbicos ou litros, e o tempo, en horas, minutos ou segundos.

g) Caudal de auga mínima (Q1): É o caudal de auga máis pequeno co que o contador de auga fornece.

h) Caudal de auga de transición (Q2): O caudal de auga de transición é o valor do caudal de auga que se sitúa entre o caudal de auga mínima e o permanente e no que o intervalo de caudal de auga se divide en dúas zonas, a «zona





superior» e a «zona inferior». A cada zona corresponde un erro máximo permitido característico.

- i) Caudal de auga permanente (Q3): É o caudal de auga máis elevado co que pode funcionar o contador de auga de forma satisfactoria en condicións de uso normal, é dicir, baixo condicións de fluxo estacionario ou intermitente.
- j) Caudal de auga de sobrecarga (Q4): O caudal de auga de sobrecarga é o caudal máis alto co que pode funcionar o contador de forma satisfactoria durante un período curto de tempo sen sufrir deterioración.

3.- As capacidades metrolóxicas mínimas dos contadores serán:

e) Cando se trate de vivendas unifamiliares, locais comerciais, industrias, instalacións deportivas, piscinas ou xardíns comunitarios, esixíranse contadores que deberán presentar un Cociente “R” igual ou superior a 200, sendo R o cociente entre o caudal de auga permanente “Q3” e o caudal de auga mínimo “Q1” tal e como queda definido neste regulamento. Asimilaranse a estes os clasificados coma Clase Metrolóxica ‘C’ de acordo á Directiva 75/33/CEE e normativa concordante.

Para o resto diámetros superiores a 40mm esixírase contadores de tipo woltman, que deberán presentar un Cociente “R” igual ou superior a 160, Clase Metrolóxica ‘B’ de acordo á Directiva 75/33/CEE e normativa concordante.

f) Cando se trate de vivendas plurifamiliares dotadas de batería hidráulica, instalaranse contadores de tipo “chorro único” independentemente do seu calibre, deberán presentar un Cociente “R” igual ou superior a 160, Clase metrolóxica ‘B’ de acordo á Directiva 75/33/CEE e normativa concordante.

g) Os contadores destinados para instalacións contra incendios serán de tipo non intrusivo.

h) En supostos excepcionais e sempre que así o estime a entidade subministradora instalaranse contadores de prestacións metrolóxicas inferiores ás descritas nos parágrafos anteriores.

4.- O contador será plenamente compatible para integrarse no sistema de lectura a distancia que adoptase a entidade subministradora na localización do uso servido.

Artigo 47 - Renovación periódica do contador

1.- Ningún contador poderá permanecer ininterrompidamente instalado por un espazo superior a doce anos. Transcorrido este tempo deberá ser substituído.

2.- Cando o equipo de medida teña que ser verificado por deficiencias no seu funcionamento, a entidade subministradora proverá o/a abonado/a doutro equipo en substitución do inicial.

Artigo 61 - Tipos de subministración

En función do uso ao que estea destinado, a subministración se tipifica en:

1.- Subministracións para usos domésticos, considerándose como tales aqueles que se realicen en vivendas sempre que nestas non leve a cabo actividade industrial, comercial ou profesional de ningún tipo. Inclúense os establecementos benéficos e as instalacións centralizadas de auga quente doméstica.

2.- Subministracións para usos non domésticos, serán os consumos non incluídos no punto anterior que en xeral poden estar divididos en:

a) Subministracións para dependencias e instalacións deportivas municipais e/ou aquelas outras subministracións con cargo íntegro ao orzamento municipal.

b) Subministracións para industrias, establecementos comerciais e de servizos, actividades agrícolas, dependencias forais, da comunidade autónoma e da Administración do Estado, organismos autónomos, bocas de redes contraincendios e calquera outra subministración non incluída nos distintos epígrafes do presente artigo.

3.- Subministracións para obras, terán análogo tratamento que as subministracións permanentes, aínda que, estarán supeditados á baixa do contrato, por parte do petionario e se fose necesario á anulación final do punto de toma.

4.- Subministracións para protección contraincendios, que abastecen as bocas e tomas de incendios dos edificios.

Artigo 62 - Duración do contrato.



1.- A contratación do servizo subscribírase por tempo indefinido coas excepcións recollidas no punto 3 deste artigo. Con todo, o/a usuario/a poderá instar a súa extinción en calquera momento, sempre que o solicite efectuando a correspondente liquidación dos conceptos pendentes ata a data da solicitude.

2.- Os contratos de obra subscritos para a construción de vivendas unifamiliares pasarán a ter carácter indefinido e tarifa de "uso doméstico", unha vez estean rematadas as obras e obtivesen a preceptiva licenza de primeira ocupación. O promotor da vivenda está obrigado a achegar este documento a entidade subministradora independentemente de que o Concello de Oleiros notifique a dita entidade esta circunstancia, podendo ésta realizar o cambio de oficio.

3.- As subministracións para espectáculos temporais en locais móbiles e en xeral, para actividades esporádicas, terán carácter temporal e estarán vinculados á autorización, concesión ou permiso municipal.

Artigo 70 - Determinación dos consumos a facturar.

A cuantificación do volume de auga consumida determinarase polos seguintes procedementos:

c) Por diferenza de índices entre dúas lecturas consecutivas.

d) Por estimación de consumos:

1. No caso de contadores avariados facturarase atendendo ás seguintes circunstancias: Se existen antecedentes de consumo superiores a un ano, facturarase igual cantidade do mesmo período do ano anterior no que exista rexistro. Se fosen inferiores ao ano, calcularíase a media aritmética dos coñecidos. Se non existisen antecedentes ou os que se tivesen non reflectisen con exactitude os consumos reais por non ter detectada a avaría do contador con anterioridade, instalárase un novo contador, e unha vez transcorridos un mínimo de quince días ratearase a súa lectura.

2. No caso de non poder realizarse lectura por causas alleas á entidade subministradora, o consumo a facturar será cero, cobrándose unicamente a cota de dispoñibilidade que se recolla na Ordenanza Fiscal, sumándose o consumo para o primeiro período en que exista lectura real. Correrán por conta dos abonados os incrementos do recibo acontecidos como consecuencia da acumulación de maior volume nos tramos de tarifa máis elevada.

Artigo 71 - Reducións por avarías fortuítas.

1.- No caso de constatare a existencia de avarías ocultas nas instalacións interiores non imputables ao usuario que desvirtúen o volume de consumos habituais deste, a entidade subministradora poderá aplicar unha redución na factura coa solicitude previa do/a abonado/as. A súa contía e a súa devindicación establecerase na Ordenanza Fiscal.

2.- A Entidade Subministradora deberá comprobar a veracidade dos feitos, ben facendo unha comprobación "in situ" ou solicitando as probas que se estimen oportunas ao abonado, tal como fotos, informe técnico ou factura da reparación. Non se modificará ningunha factura por este motivo mentres non sexa reparada a avaría que provocou a perda de caudais.

3.- A reiteración de avarías dunha mesma instalación nun curto espazo de tempo, será motivo suficiente para que a entidade subministradora non revise os consumos por este motivo, entendendo que existe deixamento no correcto mantemento da instalación.

Artigo 80.- Infraccións

1.- Na prestación do servizo de auga potable as infraccións cometidas polos/as abonados/as ou terceiros/as clasifícanse en "leves" "graves" ou "moi graves":

Infraccións "graves":

f) Non comunicar ao servizo calquera modificación nas características do contrato.

g) Mesturar auga do servizo coas procedentes doutros aproveitamentos ou usos.

h) Negarse os/as propietarios/as dos inmobles para realizar as correccións nas redes interiores que se sinalen polo servizo.

i) Impedir aos/as funcionarios/as do servizo, debidamente identificados, a entrada nos domicilios ou locais en horas diúrnas para a lectura dos contadores ou inspección das instalacións.





CONCELLO DE
OLEIROS

j) Deixamento na reparación das fugas existentes nas instalacións interiores.

Infraccións “graves”:

i) Romper os precintos do equipo de contador.

j) Conducir en parte ou na súa totalidade a auga a distinto lugar daquel ao que está destinada.

k) Fornecer auga a vivendas que carezan do Servizo aínda que non constitúa revenda.

l) Abrir ou pechar a chave de acometida da rede por persoas alleas ao servizo.

m) Obstaculizar ao persoal do servizo no cumprimento das súas funcións.

n) Empregar a auga para rega ou enchidos de piscinas cando por razóns de seca ou de consumo se prohiba expresamente.

o) O emprego por parte de persoas ou empresas non autorizadas, das bocas de rega e das tomas de incendios situadas nas rúas.

p) Realizar consumos carecendo de contrato de subministro, aínda que éstos queden rexistrados no contador, sen coñecemento previo da entidade subministradora.

Infraccións “moi graves”:

i) Cometer calquera acto que dane as tubaxes, equipos ou instalacións do sistema de auga potable.

j) Calquera acción na rede de subministración que poida supoñer un risco de contaminación da auga.

k) Conectar equipos de bombeo ou mecanismos que succionan auga directamente das redes de subministración ou desde as conexións domiciliadas.

l) Realizar acometidas ou conexións sen autorización da entidade subministradora.

m) A revenda da auga.

n) A manipulación, alteración ou substitución non autorizada do contador.

o) As derivacións de caudal de calquera tipo antes do equipo de medida.

p) Conectarse directamente ao servizo sen contador, independentemente da existencia ou non de contrato e subministro.”

TERCEIRO.- Notificar o presente Acordo aos interesados que presentaron alegacións durante a información pública.

CUARTO.- Publicar o devandito Acordo definitivo co texto íntegro da modificación do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, entrando en vigor segundo o previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello <https://sede.oleiros.org/>

QUINTO.- Remitir á Administración do Estado e ao Departamento correspondente da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de quince días desde a aprobación, copia do Acordo definitivo de aprobación e copia íntegra do texto da Ordenanza, así como copia íntegra autenticada da mesma.

SEXTO.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente, para subscribir e asinar toda clase de documentos e en xeral para todo o relacionado con este asunto.

SÉTIMO.- Contra este acordo, por ser un acto que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano administrativo que a dita no prazo DUN MES que comezará a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Tamén poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo da cidade da Coruña, no prazo de DOUS MESES que comezarán a contar desde o día seguinte ao





CONCELLO DE
OLEIROS

da recepción da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/98 de 13 de xullo da xurisdición contencioso-administrativa.

Todo isto sen perxuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da antedita Lei 39/2015 de 1 de outubro, LPACAP de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueles outros que estime procedentes.”

Punto 13.- Expediente de aprobación da modificación puntual da Relación de Postos de Traballo do concello de Oleiros. Resolución das alegacións presentadas e aprobación definitiva, se procede, da mesma

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a M^a José Varela, explicando que na sesión plenaria do pasado 24 de outubro de 2024 aprobouse inicialmente a modificación puntual da Relación de Postos de Traballo (RPT) municipal, en execución da potestada de auto organización, sendo aprobada na Mesa Xeral de Negociación conxunta para persoal laboral e funcionario o 4 de outubro de 2024.

O anuncio do acordo publicouse no BOP de 31 de outubro de 2024, abríndose un prazo de exposición pública de 20 días para que se poidesen presentar as reclamacións ou suxestións que se estimasen oportunas.

Neste período de exposición pública, presentáronse diversas alegacións e suxestións que foron trasladadas á empresa redactora do traballo, EOSA, para que informase sobre o seu contido. Emitido o informe correspondente o que foi aceptado polo goberno municipal, de acordo coas especificacións técnicas vertidas no devandito informe, toca logo elévalo a este pleno para aprobar definitivamente o documento correspondente á modificación puntual da RPT; por iso propónse acordar a resolución das alegacións presentadas de acordo cos informes técnicos emitidos pola entidade EOSA nos seus termos incluídos no Anexo III do expediente plenario confeccionado ó efecto; aprobando definitivamente a modificación puntual da RPT do Concello de Oleiros, notificando a resolucións e ás interesadas e ordear a súa publicación no BOP, remitido unha copia á Admón. Xeral do Estado e á Comunidade Autónoma, entrado en vigor a partir do día 1 de xaneiro de 2025.

Intervén a voceira do grupo “Popular”, D^a M^a Dolores Silva, sinalando que en canto ó escrito de alegacións presentado contra a modificación das ordenanzas fiscais e impostos lamenta que o tratase como unha mostra de desconfianza, cando a súa pretensión era amosar o seu desacordo coa resposta dada ás alegacións que presentaran e de aí que solicitasen unha aclaración ás mesmas, tal e como expuxo o seu compañeiro en canto ás disposicións legais e da lei na que se baseaban.

En canto a este asunto de modificación da RPT, xéralle dúbidas en canto a que se lles denega ou se lles rexeita, non porque non teñan razón na mesma senón porque non a xustificaron ou non conteñen os argumentos xurídicos ou técnicos que sustentan o que solicitan, polo que entenden que están a tempo representar algún tipo de reclamación ou recurso e que pode conlevar a que no seu intre se lles dea a razón, por iso votarán en contra.

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a M^a Carmen Acuña, manifestándolle ó alcalde que sabe ben, ou debéao saber que como oposición teñen todo o dereito e o deber de alegar contra todos os asuntos que se presenten de xeito irregular e moito máis, se istos van perxudicar moi seriamente os intereses da veciñanza e





tamén debe saber que a secretaria municipal debe pronunciarse sobre os asuntos que se sometan á consideración do pleno municipal.

En canto á modificación da RPT municipal, anuncia o voto en contra do seu grupo por unha razón de peso e convincente dado que os propios traballadores e traballadoras están en contra do documento, non lles gusta. Nun primeiro intre, informáronlles desde o goberno municipal que os dous únicos sindicatos que representan ós e ás traballadoras municipais estaban de acordo co documento, curioso tamén e que xa o comentaron nese intre que existan unicamente dous sindicatos, pero cando tocou falar ós empregados e empregadas municipais resulta que máis dun 10% deles están en desacordo e de aí as alegacións que se presentaron evidenciado tamén no discurso do alcalde na cea de Nadal deste ano 'disculpa non petita, acusatio manifesta'.

Alegacións presentadas de moi distintos e diferentes servizos ou áreas municipais, todas rexeitadas, non tivo razón ninguén, un pouco sospeitoso a verdade, polo que cre que debería darlle unha volta alcalde, non esqueza que unha vez consolidado o posto pérdense moitos medos e pódese empezar a falar con claridade.

Intervén o voceiro do grupo "Mixto"-BNG, D. **Iván Roca**, pondo de manifesto que os gastos de persoal son os de maior peso no orzamento municipal de cada administración e o seu grupo considera que a política de persoal é complexa por mor dos intereses en xogo tanto colectivos coma individuais.

Valorar cada posto conforme á responsabilidade ou relevancia non é doado, nin carente de importancia, tamén é importante polo persoal municipal das decisións tomadas polo goberno local que redunda ó final na boa marcha do concello e das súas políticas, polo tanto a importancia e transcendencia son enormes polo que consideran que a transparencia e comunicación do que se vai debater e acordar deben ser máximas.

A última RPT data de 2018 e nese documento existían moitos postos que non estaban contemplados ou que levaban moitísimos anos de interinidade ou temporalidade, eses postos houbo que incluílos no 2022 para cumprir co proceso de estabilización do persoal. Desde ese ano de 2018 o departamento de persoal ven facendo cada ano practicamente modificacións puntuais do documento para corrixir diferentes postos e gusataríalle saber se esas modificacións son consensuadas co Comité de Empresa, coa Xunta de Persoal e coa representación sindical na mesa xeral de negociación porque ata o que saben parece ser que veñen xa dadas intres antes da aprobación do orzamento anual, polo que non lles queda moito marxe de negociación e o que conleva a que exista unha falla de transparencia e que o persoal non sexa informado oportunamente desas modificacións, non se publica na intranet, nin se expón nos taboleiros de anuncios municipais.

Este ano houbo unha xuntanza coas organizacións sindicais a finais do mes de setembro e elevouse ó pleno de outubro con pouca marxe de cambio, publicouse logo no BOP e tamén cabía a posibilidade de consultar o documento no departamento de persoal, aínda que previamente había que solicitalo por escrito e de pedir unha copia exíxíase facelo a través do rexistro de entrada municipal, polo que parece máis unha carreira de obstáculos que non lles parece ben e que non pode ser xustificada por mor da lei de protección de datos, o concello ten medios suficientes como o correo electrónico como para facilitar ó persoal a reforma da RPT, alén disto tamén quere deixar constancia que a reforma da RPT lévase a cabo a través dunha empresa externa que elabora o





CONCELLO DE
OLEIROS

documento, atende re resolve as alegacións presentadas, por certo bastantes numerosas porque foi practicamente un 15% o que é un dato revelador.

Estas alegacións presentadas poden vir motivadas principalmente porque gran parte do persoal era temporal e por outra banda, os argumentos ás alegacións da devandita consultora son mera formas repetitivas e robóticas. Tampouco se debe esquecer o informe de control financeiro sobre a OEP do 2024 e aínda que hoxe se está a falar da RPT sendo documentos independentes están directamente conectadas. Nese informe de control económico financeiro sinálase que a OEP foi aprobada en xuño e non no prazo dun mes após da aprobación do orzamento para convocar de xeito inmediato os procesos selectivos. Non se cubriron varias prazas vía interinidade transcurrido o período legal, máis poidendo ser perfectamente posible ó non existir impedimento por superar a taxa de reposición ó abeiro da lei 2020-21, sempre co gallo de reducir ó mínimo a temporalidade.

Tamén cómpre lembrar que o incumprimento máximo de permanencia aludido pode dar lugar a responsabilidades da administración, sendo nulo de pleno dereito, séguese con oito traballadoras en precario ou temporais e estas persoas no caso de ter que abandonar o seu posto acarrearía unha eventual indemnización a cargo da administración e xa como resumo, queren solicitar unha maior axilidade e transparencia no acceso a un documento que ten que ser público sen a necesidade desa carreira de obstáculos xa sinalada.

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que levan repetindo o tema do informe da secretaria municipal en canto ós asuntos de competencia plenaria e ista sempre informa cando sexa preceptivo.

En canto á alusión de que nos órganos de representación sindical municipal haxa dous sindicatos é porque foron os que se presentaron ás eleccións; por unha banda CCOO e pola outra, Oleiros Sindical, que é unha organización independente nas que organizaron moitos e moitas traballadoras municipais e con eses sindicatos houbo xuntanzas, e non unha soa reunión porque xa só a modificación da RPT referida á Policía Local foi obxecto de negociación de meses e varias xuntanzas nas que estiveron presentes tanto a Técnico de RRHH coma a concelleira delegada de persoal como o representante tanto da Policía Local coma do Servizo de Emerxencias para regularizar a súa situación.

No que atinxe ó tan referido tamén proceso de consolidación, ten que salientar que non quedou nin un só traballador ou traballadora que entrasen dentro dese proceso sen consolidar a súa praza, non así aconteceu noutros outros moitos concellos que empregados que levaban anos quedaron fóra neses procesos de consolidación, polo que insiste en que neste concello regularizouse a situación de todos e todas aquelas que entraban dentro dese proceso, porque tamén era o seu dereito.

Tamén alegaron que agora, que tiñan a praza consolidada ían perder o medo e poderían falar e reclamar sen ataduras e pregunta ¿A quen tiñan medo?, non será a él que o respectan porque estiveron sí moitos anos traballando e ó final consolidaron a súa praza, tamén porque o merecían. Deixan caer esa acusación de medo e aquí non é como noutras administracións onde gobernan que hai que ser do partido para pode entrar, neste concello non acontece isto...





CONCELLO DE OLEIROS

Neste intre prodúcese debate entre a voceira do grupo “Socialista”, Sra. **Acuña**, e o alcalde, Sr. **García**, en canto ó que remata de dicir o alcalde, de que ningún traballador ou traballadora municipal é de “Alternativa dos Veciños”, no senso de que a primeira sostíña que os había e o segundo convidáballe a dar nomes de ser certo.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 20 de decembro de 2024, acadándose o resultado de **trece (13) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”) e **oito (08) votos en contra** (cinco (05) do grupo municipal “Popular”); dous (02) do grupo municipal “Socialista” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Na sesión plenaria extraordinaria de 24 de outubro de 2024 aprobouse provisionalmente a modificación puntual da Relación de postos de traballo municipal (en diante, RPT) en virtude da potestade de autoorganización do Concello de Oleiros, sendo aprobada en Mesa xeral de negociación conxunta para persoal laboral e funcionario o día 04/10/2024.

O anuncio deste acordo inicial do Pleno municipal publicouse no Boletín Oficial da provincia da Coruña, núm. 211, do 31 de outubro de 2024, aperturándose un prazo de exposición pública de vinte días hábiles para a formulación de reclamacións e suxestións polas persoas interesadas desde o día 4 ata o 29 de novembro de 2024 (ambos incluídos).

Dentro da dita fase de exposición pública, presentáronse diversas alegacións e suxestións que se trasladaron á empresa redactora do proxecto; ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN, S.A. (EOSA) -de acordo co disposto nas condicións do Prego de contratación para que informase acerca da súa pertinencia. Informadas estas e aceptadas integramente no mesmo senso polo Grupo de Goberno de acordo coas especificacións técnicas vertidas nos ditos informes, elevase agora a Pleno, para que, tras a súa ratificación, se aprobe definitivamente a modificación puntual da RPT municipal.

Por conseguinte, e á vista do anteriormente exposto, proponse ao Pleno do Concello que se proceda á toma do seguinte acordo, de conformidade co artigo 22.2.i) da Lei de Bases do Réxime Local, por maioría simple:

Primeiro. Aprobar a resolución das alegacións presentadas de acordo cos informes técnicos emitidos pola empresa EOSA nos seus propios termos, incluídos no Anexo III do expediente plenario.

Segundo.- Aprobar definitivamente a modificación puntual da Relación de Postos de Traballo do Concello de Oleiros, de conformidade co texto que aparece integramente no expediente – incluído especificamente no seu Anexo IV- así como a documentación que nel se incorpora.

Terceiro.- Notificar a resolución das alegacións a -citadas por orde alfabética, agás erro ou omisión-: Barros Somoza, Rosa M^a; Bello Santos, Brais Aurelio; Bergondo Brandariz, Juan Carlos; Botana Sánchez, José Ramón; Caparrós Esperante, M^a Reyes; Casares Iglesias, David; Castro López, Sergio; Cela Álvarez, M^a Pilar; Conchado Mañana, Víctor Manuel; Díaz Velo, Fernando; Díez Domínguez, Jerónimo; Dopico López, Javier; Fernández Taiibo, Juan Manuel; Fernández Puentes, Francisco José; Filloy López, Lucía; García Orro, Antonio; García Mella, Diego; González Naveira, César; Hernández Alvedro, Lois; Justo Rajó, Ana Belén; López Espiñeira, Roberto; López Iglesias, M^a José; Lugrís Mirón, Óscar José; Mesías Fernández, M^a José y outros; Prego Lahidalga, Carlso Manuel; Regueira Prego, Juan y outros; Rial Blanco, Daniel; Rodríguez Ferreiro, M^a Élda; Santos Sanmartín, Sergio; Sar Mato, Adrián; Sexto Penas, Juan José; Siso Vecino, Pilar; Temprano Vázquez, Juan; Varela Álvarez, Rubén; Vázquez Suárez, José Ramón; Veiga Rodríguez, Marcos; coa expresión dos recursos que procedan.

Cuarto.- Ordear a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, remitindo unha copia da mesma á Administración xeral do Estado e a o órgano competente da Comunidade Autónoma.

Quinto.- Esta modificación puntual da relación de postos de traballo entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2025.

Sexto.- Contra o acordo definitivo que aprobé a modificación puntual da RPT, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto no artigo 112.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo



CONCELLO DE
OLEIROS

común das Administracións Públicas, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de aprobación definitiva no BOP da Coruña, ante o xulgado do contencioso-administrativo da Coruña, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, sen que a súa interposición suspenda por si soa a aplicación da modificación puntual da relación de postos de traballo definitivamente aprobada. Poderá, non obstante, interpoñerse, con carácter previo e potestativo, recurso de reposición ante o órgano que ditou o acordo no prazo dun mes.”

Punto 14.- Adopción de acordo en orde á participación do Concello de Oleiros no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ Adicional 1/2025 da Deputación Provincial da Coruña

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a M^a José Varela, explicando que a deputación provincial publicou as bases reguladoras do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, Plan Unico de Concellos POS+2025, nas que se inclúe a regulación das axudas do POS+ Adicional 1/2025 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2025 e neste exercicio a cantidade asignada ao Concello de Oleiros é de 163.791,94 €.

Este POS+ Adicional 1/2025 ten como finalidade apoiar ós servizos sociais municipais, permitíndolles incrementar o seu gasto social extraordinario e a tramitación urxente das prestacións sociais necesarias en situacións de risco de exclusión, freando e previndo tanto a cronificación como círculo vicioso da desigualdade social, incidindo nos fenómenos que xeran malestar e conflito ás persoas máis vulnerabilizadas e procurando o benestar social do conxunto da poboación dos municipios e entre os posibles gastos a financiar contéplase o destinado a partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia e necesidade social dirixido á cobertura de necesidades básicas, entre elas as de alimentación. O Concello de Oleiros na súa Ordenanza de Medidas pola Inclusión Social recentemente aprobada contempla no seu Título II o apoio de axudas de alimentación e produtos de hixiene persoal e doméstica.

O Concello de Oleiros orzamenta unha partida de 240.000,00 € para estes gastos de alimentación, para os que se ten previsto solicitar unha subvención de 163.791,94 € coa participación neste Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal aceptandoas súas Bases e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais.

En resumo, a achega solicitada é de 163.791,94 € á institución provincial para un gasto estimado de 240.000 €, polo que o concello deberá aportar con recursos propios 76.208,06 €, comprometéndose ó mesmo tempo o concello a facer constar esta colaboración da Deputación provincial en toda a información que fagan das actividades ou investimentos obxecto desta subvención e se propón finalmente, facultar ó alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo.

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a M^a Carmen Acuña, anunciando o voto favorable do seu grupo para este asunto non sen deixar constancia de que chama a atención que un goberno municipal que se considera tan progresista confíe sen embargo nun asunto tan sensible como é a atención ós e ás maiores, persoas vulnerables, a colaboración económica da entidade provincial, por certo, igual que acontece co tema da auga porque o alcalde





CONCELLO DE OLEIROS

remata de dicir que neste exercicio tense previsto un gasto de 1.200.000 € para arranxos na rede de auga municipal, o que non dí o alcalde e que 1.000.000 € pono a institución provincial, menos mal que a deputación está en boas mans.

Aclara a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, que os fondos das deputacións son cartos dos concellos, afondando sobre esta cuestión o alcalde, D. **Ángel García**, no senso de que eses fondos proveñen do Estado e as deputacións son os órganos encargados de repartilos, procedemento que non pasa noutros lugares de Europa como en Portugal, que o Estado transfere directamente eses fondos ós concellos. Aínda así, estes fondos repártense en base a uns baremos nos que aspectos como poboación, extensión, esforzos fiscal, etc. son os que priman á hora do reparto, polo que non é un regalo de ninguén senón que son recursos que ó final pertencen a cada concello.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 20 de decembro de 2024, acadándose o resultado da unanimidade dos membros da Corporación, é dicir, por **vinte e un (21) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; cinco (05) do grupo municipal “Popular”; dous (02) do grupo municipal “Socialista” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“A Deputación Provincial da Coruña, no BOP do 03712/2024 publicou as bases reguladoras do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Unico de Concellos) “POS+2025”, nas que se inclúe a regulación das axudas do POS+Adicional 1/2025 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2025. A cantidade asignada ao Concello de Oleiros é de 163.791,94 €.

Este POS+Adicional 1/2025 “ten como finalidade apoiar ós servizos sociais municipais, permitíndolles incrementar o seu gasto social extraordinario e a tramitación urxente das prestacións sociais necesarias en situacións de risco de exclusión, freando e previndo tanto a cronificación como círculo vicioso da desigualdade social, incidindo nos fenómenos que xeran malestar e conflito ás persoas máis vulnerabilizadas e procurando o benestar social do conxunto da poboación dos municipios.”

Entre os posibles gastos a financiar contéplase o destinado a “partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia e necesidade social” dirixido á cobertura de necesidades básicas, entre elas as de alimentación.

O Concello de Oleiros na súa Ordenanza de Medidas pola Inclusión Social recentemente aprobada e publicada no BOP do 03/10/2024 contempla no seu Título II: o apoio de axudas de alimentación e produtos de hixiene persoal e doméstica.

O orzamento do Concello de Oleiros contempla unha partida de 240.000,00 € para estes gastos de alimentación e para os que se ten previsto solicitar esta subvención de 163.791,94 €.

En base ao exposto, **PROPONSE**

PRIMEIRO.- Participar no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ Adicional 1/2025**” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, aceptar a totalidade das súas Bases e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ ADICIONAL/2025	163.791,94 €
---	---------------------



GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIO S 2025	PREVISIÓN DE GASTOS 2025	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE SOLICITADO POS+ ADICIONAL 2025	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
Gastos correntes	240.000,00 €		240.000,00€	163.791,94 €	76.208,06 €
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIO S 2025	240.000,00 €	0,00 €	240.000,00€	163.791,94 €	76.208,06 €

IMPORTES SOLICITADOS

I. Importe solicitado para gastos correntes	163.791,94 €
II. Importe solicitado para investimentos: Tipoloxía i	0,00 €
III. Importe solicitado para investimentos: Tipoloxía j	0,00 €
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2025 (I + II + III)	163.791,94 €

SEGUNDO.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

TERCEIRO.- Facultar expresamente ó alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Punto 15.- Dar conta dos decretos da alcaldía e dos e das concelleiras delegadas, desde o nº 2024006101 ata o 2024006617

Todas as concelleiras e concelleiros asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* dos Decretos da Alcaldía, desde o nº 2024006101 ata o nº 2024006617 (ambos incluídos).

Sen máis asuntos que tratar o alcalde dá por rematada a sesión ás 11.35 h., para deixar constancia dos acordos tomados e do acontecido estendo esta acta en sesenta e dúas (62) páxinas e que eu, como secretaria, certifico. Dou fe; Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na propia sinatura da secretaria accidental e co visto e prace do alcalde.

